

# ***PLENO DO PARLAMENTO***

***1 de agosto de 2017***  
***10.30 horas***



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL SAIDA

28 XULL. 2017

Núm. 3812

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 1 de agosto de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 28 de xullo de 2017, a orde do día da sesión é a seguinte:

**Punto único: Debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 13283, 10/LGNF-000002)**

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria a devandita reunión.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 28/07/2017 14:20:22**

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

# RELACIÓN DE MEMBROS DE PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Magdalena Barahona Martín	EM
Moisés Blanco Paradelo	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María de la Concepción Burgo López	S
Marcos Cal Ogando	EM
Diego Calvo Pouso	P
Francisco Casal Vidal	EM
Jaime Castiñeira Broz	P
Luca Chao Pérez	EM
Francisco José Conde López	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Teresa Egerique Mosquera	P
Raúl Fernández Fernández	S
César Manuel Fernández Gil	P
Xoaquín María Fernández Leiceaga	S
Martín Fernández Prado	P
María Ángeles García Míguez	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
José Manuel Lago Peñas	EM
Carlos Enrique López Crespo	P
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Beatriz Mato Otero	P
Juan José Merlo Lorenzo	EM
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Alberto Núñez Feijóo	P
José Alberto Pazos Couñago	P
José Manuel Pérez Seco	S
María Luisa Pierres López	S
Ana Belén Pontón Mondelo	BNG
María Montserrat Prado Cores	BNG
Paula Prado del Río	P
Noa Presas Bergantiños	BNG

Pedro Puy Fraga	P
Rosa María Quintana Carballo	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Manuel Rey Varela	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Marta Rodríguez Arias	P
María Julia Rodríguez Barreira	P
David Rodríguez Estévez	EM
Moisés Rodríguez Pérez	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Alfonso Rueda Valenzuela	P
María Soraya Salorio Porral	P
Antón Sánchez García	EM
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Eva Solla Fernández	EM
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
María Dolores Toja Suárez	S
Julio Torrado Quintela	S
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P
Sandra Vázquez Domínguez	P
Paula Vázquez Verao	EM
Daniel Vega Pérez	P
Patricia Vilán Lorenzo	S
Luis Villares Naveira	EM

## Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia X Lexislatura

(actualizada 06 de febreiro de 2017)

### Para votación por chamamento

APELIDOS E NOME	GP	SI	NON	ABST
1. Álvarez Martínez, Luís Manuel	S			
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P			
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	P			
4. Balseiros Guinarte, Silvestre José	P			
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG			
6. Barahona Martín, Magdalena	EM			
7. Blanco Paradelo, Moisés	P			
8. Blanco Rodríguez, Noela	S			
9. Cal Ogando, Marcos	EM			
10. Casal Vidal, Francisco	EM			
11. Castiñeira Broz, Jaime	P			
12. Chao Pérez, Luca	EM			
13. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	EM			
14. Díaz Villoslada, Juan Manuel	S			
15. Egerique Mosquera, Teresa	P			
16. Fernández Fernández, Raúl	S			
17. Fernández Gil, César Manuel	P			
18. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	S			
19. Fernández Prado, Martín	P			
20. García Míguez, María Angeles	P			
21. Gómez Salgado, Carlos	P			
22. González Vázquez, José	P			
23. Lago Peñas, José Manuel	EM			
24. López Crespo, Carlos Enrique	P			
25. Losada Álvarez, Abel Fermín	S			
26. Merlo Lorenzo, Juan José	EM			
27. Moreira Ferro, Jacobo	P			
28. Mouriño Villar, Antonio	P			
29. Murillo Solís, Maria Guadalupe	P			
30. Novo Fariña, María Isabel	P			

31. Nóvoa Iglesias, Marta	P			
32. Nuñez Centeno, Aurelio Alfonso	P			
33. Pazos Couñago, José Alberto	P			
34. Pérez Seco, José Manuel	S			
35. Pierres López, María Luisa	S			
36. Pontón Mondelo, Ana Belen	BNG			
37. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
38. Prado del Río, Paula	P			
39. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG			
40. Puy Fraga, Pedro	P			
41. Quinteiro Araújo, Paula	EM			
42. Quiroga Díaz, José Antonio	S			
43. Rivas Cruz, José Luis	BNG			
44. Rodil Fernández, Olalla	BNG			
45. Rodríguez Arias, Marta	P			
46. Rodríguez Barreira, María Julia	P			
47. Rodríguez Estévez, David	EM			
48. Rodríguez Pérez, Moisés	P			
49. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	S			
50. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	P			
51. Romero Fernández, Cristina Isabel	P			
52. Salorio Porral, María Soraya	P			
53. Sánchez García, Antón	EM			
54. Santos Queiruga, Carmen	EM			
55. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	P			
56. Toja Suárez, María Dolores	S			
57. Torrado Quintela, Julio	S			
58. Trenor López, Gonzalo	P			
59. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	P			
60. Vázquez Domínguez, Sandra	P			
61. Vázquez Verao, Paula	EM			
62. Vega Pérez, Daniel	P			
63. Vilán Lorenzo, Patricia	S			
64. Villares Naveira, Luís	EM			

**DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA**

65. Quintana Carballo, Rosa María	P			
66. Rey Varela, José Manuel	P			
67. Conde López, Francisco José	P			
68. Mato Otero, Beatriz	P			
69. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			
70. Núñez Feijoo, Alberto	P			

**DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO**

71. Burgo López, María de la Concepción	S			
72. Arias Rodríguez, Raquel	P			
73. Solla Fernández, Eva	EM			
74. Calvo Pouso, Diego	P			
75. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 01.08.2017**

**Hora: 10:00**

**Orde do día**

1. Debate e votación do límite de gasto non financiero da Comunidade Autónoma de Galicia ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 01.08.2017**

**Hora: 10:00**

**Orde do día**

1.1 13015(10/LGNF-000002)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
Certificación do acordo do Consello da Xunta de Galicia polo  
que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos  
orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018 e se  
achega o informe de estratexia financeiro-fiscal

24/07 2017 10:13 FAX

00981541211

PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA

0001/0003




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

24 XULL. 2017

130.15



Convocada a reunión da Comisión de Secretarios e téndose acordado na mesma a inclusión na orde do día do próximo Consello da Xunta de Galicia, para a súa aprobación, o proxecto de acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, rógolle que o teña en conta á hora de elaboración da orde do día dunha sesión plenaria do Parlamento de Galicia.

Asemade, solicítolle que este asunto se tramite polo procedemento de urxencia, de conformidade co previsto no artigo 98.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA  
Secretariado do Goberno

PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA

24 XULL. 2017

Núm. 13015

BEATRIZ CUIÑA BARJA, SECRETARIA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA, en virtude das competencias atribuídas no artigo 9.2.d) do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza,

**CERTIFICO:**

Que segundo a documentación obrante no Servizo do Secretariado do Goberno, na Orde do día da reunión da Comisión de Secretarios Xerais do vinte e catro de xullo de dous mil dezasete, preparatoria da vindeira xuntanza do Consello da Xunta de Galicia, figura o seguinte asunto:

“Proxecto de Acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018 e se lle dá traslado do mesmo ao Parlamento de Galicia”.



E para que así conste asino a presente en Santiago de Compostela a vinte e catro de xullo de dous mil dezasete.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Achégolle certificado do acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018, de acordo co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Asemade, achégase o informe de estratexia financeiro-fiscal, igualmente establecido nese precepto legal.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



Achégolle, para a súa remisión ao Parlamento de Galicia, certificado do Acordo do Consello da Xunta do 28 de xullo de 2017 polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018 e se lle dá traslado do mesmo ao Parlamento de Galicia.

Acompáñase Informe de estratexia económico- financeira.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2017



Secretaría xeral técnica e do Patrimonio

María del Socorro Martín Hierro

**Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.**

**Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**



**XUNTA DE GALICIA**

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE E  
CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE  
GALICIA,

**CERTIFICO:**

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e oito de xullo de dous mil dezasete adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1. O límite máximo de gasto non financeiro da Xunta de Galicia no 2018 fíxase en 9.487 millóns de euros.
2. Este límite poderá axustarse na variación dos ingresos do sistema de financiamento e fondos finalistas que incorpore o proxecto de lei de orzamentos da Administración Xeral do Estado, así como na minoración dos axustes de contabilidade nacional sempre que non afecten ao obxectivo de estabilidade aprobado.
3. O Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza remitirá ao Parlamento de Galicia o presente acordo acompañado da documentación á que refire o parágrafo 1 do artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia.

E para que conste asino a presente, co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a vinte e oito de xullo de dous mil dezasete.

Visto e prace  
O PRESIDENTE



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE FACENDA**

## **Informe de estratexia financeiro-fiscal**

**Xullo 2017**



## ÍNDICE

Introdución.....	3
1. Escenario Económico.....	5
1.1. O entorno internacional da economía galega.....	5
1.2. Situación da economía española.....	13
1.3. Evolución recente da economía galega.....	21
1.4. Escenario macroeconómico 2017 – 2020.....	27
1.5. Crecemento potencial e output gap.....	30
1.6. Saldo orzamentario axustado ciclicamente.....	32
1.7. Taxa de referencia da economía galega.....	33
2. Escenario Financeiro.....	34
2.1. Recursos de contabilidade nacional para o teito de gasto.....	35
2.2. Límite de gasto non financeiro do orzamento consolidado.....	45
Anexo I .....	47
Anexo II .....	53



## INTRODUCCIÓN

Un ano máis, comeza o ciclo orzamentario coa determinación do teito de gasto, neste caso o correspondente ao exercicio 2018. A determinación desta magnitude e remisión ao Parlamento da comunidade autónoma para a súa aprobación, son o primeiro paso para a elaboración dos Orzamentos autonómicos.

O límite de gasto permite establecer o tope cuantitativo do orzamento do vindeiro exercicio en función das expectativas de ingresos, do obxectivo de estabilidade orzamentaria<sup>1</sup> e das restantes regras fiscais coas que debe gardar coherencia.

Como paso previo á determinación das anteriores magnitudes fiscais, compre pechar un escenario macroeconómico de referencia. O traballo de prospección económica que desenvolve o Instituto Galego de Estatística e leva á determinación do escenario, é fundamental por dous motivos:

1. Determina as variables económicas que condicionan a evolución dos ingresos públicos, sendo por tanto a base da estimación do escenario de ingresos, xunto coas previsións de recadación do exercicio en curso e as elasticidades de cada figura de ingresos. Ademais a estimación do PIB e do seu deflactor serán tamén a referencia para a cuantificación do obxectivo de estabilidade orzamentaria (medido en necesidade ou capacidade de financiamento en termos de contabilidade nacional sobre o PIB).
2. Determina a situación cíclica da economía galega comparando o PIB real estimado e o potencial. Esta situación debe determinar o sesgo da política fiscal da comunidade autónoma. Por tanto, determina a posición cíclica da economía galega e o saldo cíclico e estrutural da mesma; así como a taxa de referencia da economía galega que debe marcar a evolución tendencial das diferentes políticas de gasto no seu conxunto.

Por todo elo a Lei 2/2011, de disciplina orzamentaria e sostibilidade financeira de Galicia, no seu artigo 12 obriga ao Consello da Xunta a acordar o límite de gasto non

---

<sup>1</sup> A Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, establece que no primeiro semestre de cada ano, o Goberno de España, mediante acordo do Consello de ministros, e previo informe do Consello de política fiscal e financeira das comunidades autónomas, fixará os obxectivos de estabilidade orzamentaria dos diferentes niveis de administración territorial, que se medirá en termos de necesidade ou capacidade de financiamento segundo a definición do sistema europeo de contas nacionais e rexionais; no mesmo acordo fixará os obxectivos de endebedamento público. Para a fixación do devandito obxectivo terase en conta a regra de gasto definida no artigo 12 da devandita lei orgánica e o saldo estrutural acadado no exercicio inmediato anterior.



financeiro dos Orzamentos da comunidade autónoma para o vindeiro exercicio<sup>2</sup>, e á súa remisión ao Parlamento xunto cun informe de estratexia financeiro-fiscal no que se basean os cálculos que dan pe ao devandito límite.

O contido do presente informe recolle, a parte dunha breve introdución explicativa dos obxectivos e contido do mesmo, dous grandes apartados.-

-Un apartado económico, no que se establece o escenario económico da comunidade autónoma de forma coherente cos informes dos grandes axentes emisores de informes de coxuntura económica da nosa contorna (informe de primaveira da Comisión, OCDE e FMI e o informe de situación económica do Ministerio de Economía, Industria y Competitividad).

-Un apartado financeiro, que baixo os supostos de evolución económica prevista e os límites acordados para as diferentes regras fiscais no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira, establece unha proposta de límite de gasto non financeiro para 2018.

---

<sup>2</sup> Con posterioridade á norma autonómica, a Lei Orgánica 2/2012 no seu artigo 30 recolle a obriga de elaborar un teito de gasto para as comunidades autónomas, ao sinalar que as comunidades autónomas aprobarán un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.



## **1. ESCENARIO ECONÓMICO**

En Galicia a Lei 2/2011 de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, no artigo 11 indica que con carácter previo á elaboración dos orzamentos, elaboraranse uns escenarios de previsión plurianual que se recollerán nun informe de estratexia financeiro - fiscal, que fixará o marco orzamentario para os tres exercicios seguintes e ao que se axustarán anualmente os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. A Orde do 4 de xullo de 2016 pola que se ditan as instrucións para a elaboración dos escenarios orzamentarios da Comunidade Autónoma de Galicia establece que o Instituto Galego de Estatística (IGE), como axente responsable do subsistema de prospectiva económica, elaborará informes de situación económica que sirvan de base para a elaboración dos escenarios e que deberán conter, como mínimo o seguinte:

- a. Un cadro macroeconómico que explique a evolución en termos reais do PIB desde a óptica da demanda, así como a evolución do PIB en termos nominais.
- b. Análise de posición cíclica da economía galega e saldo cíclico do sector público autonómico de Galicia, crecemento potencial, output gap e saldo cíclico orzamentario.
- c. Cálculo da taxa de crecemento medio de referencia nominal e real de Galicia.

### **1.1. O entorno internacional da economía galega**

O crecemento da economía mundial previsto para o ano 2017 estará entre o 3,4% e o 3,5% segundo os principais organismos internacionais elaboradores de previsións: Fondo Monetario Internacional (FMI), Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económicos (OCDE) e Comisión Europea.

Este prognóstico revela un maior dinamismo da economía mundial, cun crecemento superior ao do ano anterior.

Para o ano 2018 espérase un aumento lixeiramente superior ao do ano precedente, os tres organismos coinciden nun crecemento mundial do produto interior bruto do 3,6%. Estas previsións suxiren un afianzamento do crecemento nos próximos anos, o que significa que a recuperación económica mundial continúa, motivada por un crecemento moderado das economías avanzadas e un fortalecemento da actividade das economías dos mercados emerxentes. Prevese un aumento gradual do comercio mundial en liña coa recuperación da actividade. As previsións para os próximos anos están suxeitas a riscos importantes á baixa, como a incerteza en torno á política económica en Estados Unidos, o proceso de abandono do Reino Unido da Unión Europea e as tensións xeopolíticas.



Previsións macroeconómicas. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %						
	FMI (abril 2017)		OCDE (xuño 2017)		Comisión Europea (maio 2017)	
	2017	2018	2017	2018	2017	2018
<b>PIB Mundial</b>	<b>3,5</b>	<b>3,6</b>	<b>3,5</b>	<b>3,6</b>	<b>3,4</b>	<b>3,6</b>
Área Euro*	1,7	1,6	1,8	1,8	1,7	1,8
Francia	1,4	1,6	1,3	1,5	1,4	1,7
Alemaña	1,6	1,5	2,0	2,0	1,6	1,9
Italia	0,8	0,8	1,0	0,8	0,9	1,1
Portugal	1,7	1,5	2,1	1,6	1,8	1,6
España	<b>2,6</b>	<b>2,1</b>	<b>2,8</b>	<b>2,4</b>	<b>2,8</b>	<b>2,4</b>
Reino Unido	2,0	1,5	1,6	1,0	1,8	1,3
Estados Unidos	2,3	2,5	2,1	2,4	2,2	2,3
Xapón	1,2	0,6	1,4	1,0	1,2	0,6
Marrocos	4,4	3,9	--	--	--	--
México	1,7	2,0	1,9	2,0	1,7	2,1
Brasil	0,2	1,7	0,7	1,6	0,5	1,8
China	6,6	6,2	6,6	6,4	6,6	6,3
India	7,2	7,7	7,3	7,7	7,2	7,5
<b>Comercio mundial de bens e servizos</b>	<b>3,8</b>	<b>3,9</b>	--	--	--	--

Fuentes: FMI, OCDE e Comisión Europea

(\*) A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 16 países

Os crecementos esperados para o conxunto da economía global encerran diferenzas significativas por áreas. Así, segundo o FMI, as economías avanzadas<sup>3</sup> crecerán un 2,0% no bienio 2017-18, con diferenzas entre os distintos países: Estados Unidos, logo dun crecemento no 2016 inferior ao do ano anterior, volverá no 2017 a taxas superiores ao 2% e Canadá manterá unha senda crecente. Para a zona euro prevese para o ano 2017 que manteña a taxa de crecemento do ano anterior (1,7%) e unha décima menos no 2018. Para Reino Unido e Xapón a previsión do FMI indica un maior crecemento no ano 2017 e unha desaceleración no 2018. Aínda que as economías emerxentes e desenvolvidas<sup>4</sup> serán o motor de crecemento da economía mundial, cun incremento en 2017 do 4,5% (catro décimas máis que o ano anterior), que repuntará ata o 4,8% en 2018, o crecemento será desigual por países: mentres que se prevé unha expansión da economía india e unha recuperación dos países exportadores de materias primas, a desaceleración da economía china minoraría o crecemento.

Para o ano 2017, comparando as últimas estimacións elaboradas polo FMI, a OCDE e a Comisión Europea coas estimacións previas e se consideramos unicamente as principais

<sup>3</sup> Estados Unidos, zona euro, Xapón, Reino Unido, Canadá son as principais economías incluídas neste grupo.

<sup>4</sup> Rusia, China, India, Indonesia, Malasia, Brasil, México, Arxentina, países do norte de África e de Oriente medio e subsaharianos forman este grupo.



economías, os novos prognósticos melloran ou manteñen o crecemento proposto anteriormente, agás as previsións da OCDE para Francia, Estados Unidos e México e a previsión da Comisión Europea para Estados Unidos e Brasil, que empeoran respecto das anteriores previsións.

Previsións 2017. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %						
	FMI		OCDE		Comisión Europea	
	Xaneiro	Abril	Marzo	Xuño	Febreiro	Maio
<b>PIB Mundial</b>	<b>3,4</b>	<b>3,5</b>	<b>3,3</b>	<b>3,5</b>	<b>3,4</b>	<b>3,4</b>
Área Euro*	1,6	1,7	1,6	1,8	1,6	1,7
Francia	1,3	1,4	1,4	1,3	1,4	1,4
Alemaña	1,5	1,6	1,8	2,0	1,6	1,6
Italia	0,7	0,8	1,0	1,0	0,9	0,9
Portugal**	--	1,7	1,2	2,1	1,6	1,8
España	<b>2,3</b>	<b>2,6</b>	<b>2,5</b>	<b>2,8</b>	<b>2,3</b>	<b>2,8</b>
Reino Unido	1,5	2,0	1,6	1,6	1,5	1,8
Estados Unidos	2,3	2,3	2,4	2,1	2,3	2,2
Xapón	0,8	1,2	1,2	1,4	1,0	1,2
Marrocos	--	4,4	--	--	--	--
México**	1,7	1,7	2,3	1,9	1,7	1,7
Brasil	0,2	0,2	0,0	0,7	0,6	0,5
China	6,5	6,6	6,5	6,6	6,4	6,6
India	7,2	7,2	7,3	7,3	7,1	7,2
<b>Comercio mundial de bens e servizos</b>	<b>3,8</b>	<b>3,8</b>	--	--	--	--

Fontes: FMI, OCDE e Comisión Europea

(\*) A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 16 países

(\*\*) No Interim Economic Outlook da OCDE do mes de marzo non se actualizaron as previsións

Para o 2018, os tres organismos manteñen o crecemento mundial no 3,6%, e mentres o FMI e a Comisión Europea manteñen ou melloran as previsións dos principais países, a OCDE (o último organismo en actualizar as previsións) rebaixa as previsións de Italia, Estados Unidos e México sobre as predicións anteriores.



Previsións 2018. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %						
	FMI		OCDE		Comisión Europea	
	Xaneiro	Abril	Marzo	Xuño	Febreiro	Maio
<b>PIB Mundial</b>	<b>3,6</b>	<b>3,6</b>	<b>3,6</b>	<b>3,6</b>	<b>3,6</b>	<b>3,6</b>
Área Euro*	1,6	1,6	1,6	1,8	1,8	1,8
Francia	1,6	1,6	1,4	1,5	1,7	1,7
Alemaña	1,5	1,5	1,7	2,0	1,8	1,9
Italia	0,8	0,8	1,0	0,8	1,1	1,1
Portugal**	--	1,5	1,3	1,6	1,5	1,6
España	2,1	2,1	2,2	2,4	2,1	2,4
Reino Unido	1,4	1,5	1,0	1,0	1,2	1,3
Estados Unidos	2,5	2,5	2,8	2,4	2,2	2,3
Xapón	0,5	0,6	0,8	1,0	0,5	0,6
Marrocos	--	3,9	--	--	--	--
México**	2,0	2,0	2,4	2,0	2,1	2,1
Brasil	1,5	1,7	1,5	1,6	1,7	1,8
China	6,0	6,2	6,3	6,4	6,2	6,3
India	7,7	7,7	7,7	7,7	7,5	7,5
<b>Comercio mundial de bens e servizos</b>	<b>4,1</b>	<b>3,9</b>	--	--	--	--

Fontes: FMI, OCDE e Comisión Europea

(\*) A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 16 países

(\*\*) No Interim Economic Outlook da OCDE do mes de marzo non se actualizaron as previsións

Nos seguintes parágrafos detállanse estas previsións para os principais países da economía mundial e cos que mantemos relacións comerciais e que, por tanto, teñen unha maior influencia na economía galega. Estes países son Estados Unidos, Xapón, China, India, os principais da zona euro, Reino Unido e Marrocos. Para o seguimento dos países utilízanse principalmente os datos da Comisión Europea, que publicou o 11 de maio deste ano, e comentaranse as principais discrepancias coas previsións do FMI (actualizadas en abril) e as da OCDE (actualizadas en xuño).

As proxeccións informan de que a recuperación económica na zona euro continuará no período 2017-2018, con taxas de crecemento similares ás do ano anterior; esta evolución baséase na mellora da demanda interna, apoiada por unha política monetaria acomodaticia, a mellora no mercado de traballo e a menor necesidade de desapalancamento de todos os sectores; ademais, a recuperación mundial favorecerá as exportacións da zona euro. En 2017 o FMI e a Comisión Europea coinciden en que o PIB crecerá o 1,7%, crecemento similar ao do ano anterior, e a OCDE estima un crecemento unha décima superior; en 2018 o PIB incrementárase nun 1,8%, segundo a Comisión Europea e a OCDE, mentres que o FMI prevé un crecemento do 1,6%, unha décima inferior ao previsto para o ano anterior.



Por países dentro da zona euro, as perspectivas da Comisión Europea para 2017 apuntan a un crecemento estable nas principais economías, con taxas de crecemento superiores ás do ano anterior en Francia (1,4% en 2017 fronte a 1,2% en 2016) e Portugal (1,8% en 2017 fronte a 1,4% en 2016), mentres que Alemaña (1,6% en 2017 fronte a 1,9% en 2016) e España (2,8% fronte a 3,2%) minorarán o seu crecemento. As previsións do FMI para 2017 coinciden coas da Comisión Europea para Francia e Alemaña, mentres que son unha décima inferiores para Italia e Portugal e dúas décimas para España. As previsións da OCDE son máis optimistas que as da Comisión Europea para Alemaña, Italia e Portugal e coinciden para España.

As previsións para 2018 da Comisión Europea amosan un maior crecemento que no ano 2017 nas principais economías da área euro agás en España e Portugal, onde diminúe con respecto ao ano anterior, do 2,8% ao 2,4% no caso de España, e do 1,8% ao 1,6% en Portugal. O crecemento de Francia será do 1,7%, o de Alemaña do 1,9% e o de Italia do 1,1%. As previsións do FMI baixan estas estimacións para todos estes países; o crecemento de Alemaña no 2018 será do 1,5%, o de Francia 1,6%, o de Italia 0,8%, o de Portugal 1,5% e o de España 2,1%. As previsións da OCDE melloran as perspectivas respecto das da Comisión para Alemaña, minoran o crecemento de Francia e Italia e coinciden na previsión para Portugal e España.

No principal país da UE que queda fóra da zona euro, o Reino Unido, as perspectivas para o ano 2017 son dun crecemento do 1,8%, similar ao do ano precedente. Para 2018 o crecemento será inferior, 1,3%. As previsións do FMI melloran en dúas décimas as estimacións da Comisión Europea para os dous anos, con crecementos do 2,0% en 2017 e 1,5% en 2018, mentres que a OCDE prevé taxas inferiores ás dos dous organismos, 1,6% en 2017 e 1,0% en 2018. Os tres organismos prevén unha desaceleración en 2018 de medio punto como consecuencia da incerteza asociada ás negociacións sobre a saída do Reino Unido da Unión Europea.

En Estados Unidos, despois da desaceleración no crecemento de 2016, todos os organismos prevén un maior dinamismo nos dous próximos anos, con taxas superiores ao 2,0%, debido a posibles cambios na política fiscal. As previsións para o ano 2017 varían entre o 2,1% da OCDE e o 2,3% do FMI, mentres que para 2018 a previsión máis baixa é a da Comisión Europea, 2,3% e a máis elevada a do FMI, 2,5%.

En Xapón as últimas previsións mostran un débil crecemento desta economía nos dous próximos anos; o FMI e a Comisión Europea coinciden nas súas previsións, cun crecemento no 2017 do 1,2%, dúas décimas superior ao do ano anterior e unha ralentización do crecemento no ano 2018, cunha taxa do 0,6%. A OCDE prevé un maior crecemento nos dous anos, cunha taxa do 1,4% en 2017, dúas décimas superior ás previsións dos outros dous organismos, e un incremento do 1,0% en 2018, mellorando en catro décimas as outras previsións.





O crecemento da economía china será máis moderado que nos anos anteriores, aínda que seguirá con taxas elevadas. As últimas previsións do FMI, Comisión Europea e OCDE estiman un crecemento do 6,6% en 2017, unha décima inferior ao do ano anterior, e un menor crecemento no ano 2018, entre o 6,2% segundo o FMI e o 6,4% da OCDE. As previsións para a India amosan unha aceleración da súa economía, debido á implementación de reformas estruturais, o crecemento en 2017 será superior ao de 2016, con taxas entre o 7,2% do FMI e a Comisión Europea e o 7,3% da OCDE e acadaría para o 2018 un maior crecemento, entre o 7,5% da Comisión Europea e o 7,7% que estiman o FMI e a OCDE.

Utilizando os datos do FMI, a economía de Marrocos, despois do moderado crecemento en 2016 (1,5%), rexistrará un forte impulso nos dous próximos anos, con taxas do 4,4% en 2017 e 3,9% en 2018.

A Comisión Europea tamén ofrece nas súas previsións o perfil dos crecementos trimestrais. Os seguintes gráficos presentan o crecemento intertrimestral previsto para as principais economías europeas, Estados Unidos e Xapón para os anos 2017 e 2018.

#### Previsións crecemento intertrimestral do PIB en 2017 e 2018





Fonte: Comisión Europea







Á vista destes gráficos obsérvase un comportamento heteroxéneo entre as principais economías avanzadas nos dous anos. Mentres que en Xapón, Alemania, Reino Unido e España as taxas de crecemento intertrimestral a principios do ano 2017 son superiores ás de finais de ano, Estados Unidos, Francia e Italia acadan o seu maior crecemento no segundo. No 2018 as taxas intertrimestrais tenden a estabilizarse, agás en Xapón e Italia cun maior incremento no terceiro trimestre e Francia no cuarto.


En termos de taxas interanuais os crecementos previstos pola Comisión Europea son os que se mostran no gráfico que segue, e con un comportamento tamén distinto entre as principais economías avanzadas nos dous anos. Mentres que en España, Portugal, Reino



Unido e Xapón as taxas de crecemento interanual a principios do ano 2017 son superiores ás de finais de ano, as economías de Alemaña, Francia e Italia seguirán unha liña ascendente ao longo do ano. No 2018, todos os países amosan unha senda decrecente agás Portugal, con evolución crecente cada trimestre. España e Francia, no último trimestre, aumentarán máis que no trimestre anterior.

### Previsións crecemento interanual do PIB en 2017 e 2018





Fonte: Comisión Europea

## 1.2. Situación da economía española

Os datos máis recentes de crecemento económico para España amosan unha fase de expansión da economía; así o PIB rexistrou un incremento intertrimestral no primeiro trimestre do 0,8%, mellorando nunha décima a taxa dos dous trimestres anteriores. En termos de taxa interanual, o crecemento foi similar ao do trimestre precedente. A continuación detállase o comportamento da economía española no primeiro trimestre do ano comparado co último trimestre do ano anterior para mostrar a tendencia a curto prazo da mesma.

O PIB xerado pola economía española no primeiro trimestre de 2017 rexistrou un crecemento do 3,0% respecto ao mesmo período do ano anterior, igual incremento que no trimestre anterior.

Analizando os dous grandes compoñentes do PIB español dende a óptica do gasto obsérvase unha achega similar á do trimestre precedente tanto da demanda nacional (2,2 puntos) como da demanda externa (0,8 puntos).



**España. Produto Interior Bruto e os seus compoñentes. Demanda. Índices de vo**  
*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)*

Operacións	2015	2016	2016				2017
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Gasto en consumo final	2,6	2,6	3,1	2,7	2,4	2,2	1,9
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	2,9	3,2	3,6	3,4	3,0	3,0	2,5
-Gasto en consumo final das AAPP	2,0	0,8	1,7	0,7	0,8	0,0	0,1
Formación bruta de capital	6,5	3,8	5,3	4,2	3,2	2,5	3,7
Demanda interna (en termos nacionais) <sup>(1)</sup>	3,3	2,8	3,5	2,9	2,5	2,2	2,2
Exportacións de bens e servizos	4,9	4,4	3,8	6,5	2,9	4,4	8,4
Importacións de bens e servizos	5,6	3,3	4,5	5,4	1,0	2,3	6,4
<b>PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado</b>	<b>3,2</b>	<b>3,2</b>	<b>3,4</b>	<b>3,4</b>	<b>3,2</b>	<b>3,0</b>	<b>3,0</b>

<sup>(1)</sup> Achega ao crecemento do PIB pm.

Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE)

O gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF experimenta un crecemento interanual no primeiro trimestre do 2,5%, cinco décimas inferior á taxa rexistrada no trimestre precedente.

O gasto en consumo final das AA.PP. rexistra un crecemento do 0,1%, unha décima superior ao do trimestre anterior.

A formación bruta de capital presenta unha taxa de crecemento do 3,7%, 1,2 puntos superior ao rexistro do trimestre precedente. Segundo o tipo de activos:

- A demanda de activos materiais presenta unha taxa do 3,8%, 1,6 puntos maior que a do cuarto trimestre de 2016; a inversión en produtos da propiedade intelectual aumenta un 4,2%, 1,8 puntos máis que no trimestre anterior.
- O investimento en activos de construción aumenta un 3,0%, 1,1 puntos máis que no trimestre precedente, debido ao comportamento agregado da inversión en vivenda e en enxeñería civil e outras construcións.
- O investimento en bens de equipo rexistra un crecemento do 5,0%, superando en 2,3 puntos o rexistro do trimestre anterior, en sintonía coa evolución dos indicadores de produción e cifra de negocios industrial e de comercio exterior deste tipo de bens.

A achega da demanda externa da economía española ao PIB trimestral neste período foi de 0,8 puntos porcentuais, rexistro similar ao do trimestre precedente. As exportacións de bens e servizos melloran o seu crecemento en catro puntos, pasando do 4,4% ao 8,4%; este maior crecemento prodúcese principalmente nas exportacións de bens que pasan dunha taxa do 3,0% ao 8,4%; nas de servizos rexístrase un crecemento do 8,3%, o que supón unha melloría de 0,5 puntos aínda que, dentro destes, as compras dos non



residentes rexistran un crecemento do 6,2%, inferior en 0,8 puntos ao dato do cuarto trimestre.

Pola súa parte, as importacións creceron un 6,4%, 4,1 puntos máis que no trimestre precedente. As importacións de bens crecen o 6,2%, mellorando en 5,8 puntos a taxa do cuarto trimestre; pola contra, as importacións de servizos rexistran unha taxa do 6,9%, co que minoran en 3,4 puntos o rexistro do trimestre precedente debido en parte, as compras dos residentes no resto do mundo, que rexistran un crecemento do 16,1% fronte ao 22,8% do trimestre anterior.

Dende a perspectiva da oferta, a nivel de agregado, o sector primario e secundario amosan un mellor comportamento que no trimestre precedente mentres que os servizos rexistran un crecemento tres décimas inferior ao do cuarto trimestre de 2016.

<b>España. Produto Interior Bruto e os seus compoñentes. Oferta. Índices de volume</b>							
<i>Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)</i>							
Operacións	2015	2016	2016				2017
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	-2,9	3,4	5,0	2,7	3,1	2,9	4,0
Industria	5,5	2,4	2,7	2,8	1,7	2,2	2,8
- Industria manufactureira	7,0	3,1	4,4	3,8	2,4	2,0	2,7
Construción	0,2	2,5	2,1	2,0	2,9	3,0	4,4
Servizos	2,6	3,4	3,4	3,6	3,4	3,1	2,8
Impostos netos sobre os produtos	6,7	4,2	4,8	4,3	4,2	3,6	3,9
<b>PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado</b>	<b>3,2</b>	<b>3,2</b>	<b>3,4</b>	<b>3,4</b>	<b>3,2</b>	<b>3,0</b>	<b>3,0</b>

Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE)

As ramas agraria, gandeira e pesqueira aceleran o seu crecemento ao pasar do 2,9% ao 4,0%, as industriais melloran seis décimas, do 2,2% ao 2,8%, a industria manufactureira aumenta en sete décimas o seu crecemento, do 2,0% do cuarto trimestre ao 2,7% no primeiro. A construción crece o 4,4%, 1,4 puntos máis que no trimestre anterior. Por último, os servizos moderan o seu crecemento, pasando do 3,1% no cuarto trimestre de 2016 ao 2,8% no primeiro trimestre de 2017.

O emprego, medido en postos de traballo equivalentes a tempo completo, rexistra un crecemento do 2,5%, dúas décimas inferior ao do trimestre precedente. Esta evolución supón un incremento neto de 435 mil empregos equivalentes a tempo completo nun ano. A industria e os servizos presentan comportamentos máis desfavorables en termos de emprego, mentres que o sector primario e a construción aceleran o seu crecemento.



O número de horas efectivamente traballadas polas persoas ocupadas na economía aumenta un 1,8%, mellorando o rexistro do trimestre precedente (1,5%). Con este crecemento da actividade e do emprego, a produtividade aparente por posto de traballo equivalente aumenta en dúas décimas, dende o 0,3% ata o 0,5%, e a produtividade por hora traballada rexistra un crecemento do 1,2%, tres décimas inferior ao do trimestre precedente.

### **España. Postos de traballo equivalentes a tempo completo**

*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)*

	2015	2016	2016				2017
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	1,2	3,3	5,6	2,1	2,8	2,8	4,9
Industria	1,6	1,9	1,8	1,3	1,8	2,7	2,5
- Industria manufactureira	2,0	2,4	2,5	1,9	2,2	2,9	2,6
Construción	6,6	2,2	1,5	1,6	2,9	2,9	4,6
Servizos	3,0	3,0	3,3	3,1	3,1	2,7	2,2
<b>TOTAL POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO</b>	<b>3,0</b>	<b>2,9</b>	<b>3,1</b>	<b>2,7</b>	<b>2,9</b>	<b>2,7</b>	<b>2,5</b>


Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE)

Estes datos do primeiro trimestre de 2017 confirman o forte ritmo de crecemento económico de España. As previsións da Comisión Europea que se mostraban nos gráficos anteriores estiman que os crecementos interanuais do PIB nos restantes trimestres do ano serán lixeiramente inferiores, chegando a unha taxa interanual do 2,6% no último trimestre do ano. En termos de taxa intertrimestral a Comisión Europea prevé unha contención no crecemento da economía española, cun descenso gradual das taxas, 0,7% no segundo e 0,6% nos dous últimos trimestres do ano. Non obstante, o informe trimestral da economía española do Banco de España mellora as expectativas para o segundo trimestre, estimando unha taxa intertrimestral do 0,9%.

No que respecta ao crecemento proxectado para 2017 e 2018, o escenario do Goberno prevé un crecemento do PIB no 2017 do 3,0% e do 2,6% no 2018. O Banco de España presenta un crecemento do 3,1% no 2017 e do 2,5% no 2018. As estimacións da Comisión Europea e as da OCDE coinciden ao estimar que o PIB se incrementará un 2,8% no 2017 e un 2,4% no 2018. O FMI prognostica un crecemento dúas décimas inferior en 2017, un 2,6% e tres décimas menor no 2018, un 2,1%.



A estimación de consenso dos organismos privados é dun crecemento do 3,1% no 2017. A media das estimacións do Goberno, do Banco de España e dos principais organismos públicos internacionais sitúase no 2,9%. Considerando todos os organismos públicos e privados, o crecemento da economía española para o ano 2017 sitúase no 3,1%. O seguinte gráfico mostra as distintas previsións.




Fuentes: Funcas, OCDE, FMI, Comisión Europea, Banco de España e Goberno de España

Para o ano 2018 a previsión máis elevada entre os organismos públicos nacionais e internacionais estima un crecemento do 2,6% (Goberno) e a menor do 2,1% (FMI). A previsión de consenso dos organismo privados é dun crecemento do 2,7%, superior ao de todos os organismos públicos. Considerando todos os organismos públicos e privados, a previsión é do 2,7%.



Dos parágrafos anteriores compre salientar que todos os organismos nacionais e internacionais prevén unha moderación no crecemento da economía española no bienio 2017 - 2018.



Fontes: Funcas, OCDE, FMI, Comisión Europea, Banco de España e Gobierno de España

A análise das previsións para os dous anos desde a perspectiva da demanda segundo o Goberno e os organismos internacionais indica que a expansión do produto interior bruto seguirá sustentándose na fortaleza da demanda nacional, principalmente polo impulso da inversión.



Dentro desta, o consumo privado manterá un forte crecemento no 2017, entre un 2,6% previsto polo Goberno e o FMI e un 2,3% da OCDE; este crecemento baséase principalmente no bo comportamento do mercado de traballo. Porén, o ritmo de crecemento moderaríase respecto dos anos anteriores debido a un incremento da inflación e a desaparición dalgúns dos factores que contribuíron ao incremento do consumo privado, como a reforma fiscal ou a baixada do prezo do petróleo. Para o ano 2018, prevese unha desaceleración no consumo debido a unha moderación da intensidade na creación de emprego.

O consumo das AA.PP. manterase en taxas similares ás do ano 2016 (0,8%) nos dous próximos anos. A previsión de crecemento do consumo das AA.PP. no ano 2017 varía entre o 0,9% da Comisión Europea e o 0,7% do FMI. Para o ano 2018, as previsións do Goberno, FMI e OCDE coinciden nunha taxa do 0,7% e a Comisión Europea estima un crecemento unha décimas superior (0,8%).

A previsión para a formación bruta de capital fixo mostra un maior crecemento no 2017 que no ano precedente, con taxas entre o 3,9% do Goberno e a OCDE e o 3,1% do FMI. A recuperación do investimento residencial e un maior dinamismo do investimento empresarial motivaría este crecemento, que se moderaría no ano 2018, segundo o Goberno e o FMI entre tres e catro décimas mentres que a Comisión Europea e a OCDE prevén unha senda ascendente.

A demanda externa manterá a súa achega positiva, en torno a 0,4 puntos. Todos os organismos prevén un maior incremento tanto das exportacións como das importacións que no ano anterior; o Goberno e a OCDE son os que prevén un maior incremento das exportacións (6,5% e 6,7% respectivamente) mentres que a estimación máis baixa corresponde ao FMI (4,6%). O crecemento das importacións oscila entre o 4,1% do FMI e o 5,5% da OCDE. Para o ano 2018 todos os organismos prevén un menor crecemento tanto das exportacións como das importacións. A previsión máis optimista é a do Goberno (5,4%) para as exportacións e a da OCDE para as importacións, cunha taxa do 4,9%. O FMI é o organismo que prevé o menor crecemento tanto das exportacións (4,2%) como das importacións (4,1%) no ano 2018.

No seguinte cadro presentamos as estimacións de crecemento para España previstas para os anos 2017 e 2018 polo Goberno, o FMI, a OCDE e a Comisión Europea.



Previsións macroeconómicas. España. TVA (%)								
	2017				2018			
	Ministerio Economía (xullo 2017)	CE (maio 2017)	FMI (abril 2017)	OCDE (xuño 2017)	Ministerio Economía (xullo 2017)	CE (maio 2017)	FMI (abril 2017)	OCDE (xuño 2017)
<b>PIB por compoñentes de demanda</b>								
Gasto en consumo final nacional de fogares <sup>(1)</sup>	2,6	2,5	2,6	2,3	2,4	2,0	2,1	1,9
Gasto en consumo final nacional das AAPP.	0,8	0,9	0,7	0,8	0,7	0,8	0,7	0,7
Formación bruta de capital fixo	3,9	3,4	3,1	3,9	3,6	3,9	2,7	4,9
Demanda nacional <sup>(2)</sup>	2,5	2,3	2,3	2,3	2,2	2,1	2,0	2,3
Exportacións de bens e servizos	6,5	5,7	4,6	6,7	5,4	4,8	4,2	5,0
Importacións de bens e servizos	5,4	4,8	4,1	5,5	4,7	4,4	4,1	4,9
Saldo exterior <sup>(3)</sup>	0,5	0,4	0,3	0,5	0,4	0,3	0,1	0,2
<b>Produto interior bruto</b>	<b>3,0</b>	<b>2,8</b>	<b>2,6</b>	<b>2,8</b>	<b>2,6</b>	<b>2,4</b>	<b>2,1</b>	<b>2,4</b>
<b>Produto interior bruto nominal</b>	<b>4,4</b>	<b>3,9</b>	<b>4,2</b>	<b>4,3</b>	<b>4,3</b>	<b>3,8</b>	<b>3,6</b>	<b>3,8</b>
<b>Mercado de traballo</b>								
Emprego equivalente a tempo completo	2,8	2,3	2,4	2,5	2,6	2,1	1,5	2,1
Taxa de paro	17,4	17,6	17,7	17,5	15,4	15,9	16,6	16,0

(1) Inclúe ás ISFLSF

(2) En Ministerio de Economía e Comisión Europea: Achega ao crecemento do PIB

(3) Achega ao crecemento do PIB

Fonte: Ministerio de Economía, industria y competitividad, Comisión Europea, OCDE e FMI

No que respecta á taxa de paro, as previsións máis optimistas para o 2017 corresponden ao Goberno, cunha taxa de paro do 17,4%. A taxa de paro máis elevada é a estimada polo FMI, 17,7%. Con estas previsións, a taxa de paro diminuíría en torno a dous puntos con respecto ao ano anterior. Para o ano 2018 tamén é a previsión do Goberno a máis favorable, cunha taxa do 15,4%, e a máis elevada a do FMI, 16,6%. Con estas estimacións, o descenso máis acusado na taxa no ano 2018 sería o do Goberno, 2 puntos, mentres que o FMI rebaixaría 1,1 puntos.



### 1.3. Evolución recente da economía galega


Os datos máis recentes de crecemento económico para Galicia apuntan cara unha consolidación da recuperación da economía galega; a taxa intertrimestral do primeiro trimestre foi do 0,6%, dúas décimas inferior á do cuarto trimestre de 2016. En termos de taxa interanual, o crecemento é do 3,1%, unha décima inferior ao do trimestre precedente, co que Galicia encadea catro trimestres consecutivos con taxas iguais ou superiores ao 3%. A continuación detállase o comportamento da economía galega no primeiro trimestre do ano comparado co trimestre anterior para mostrar a tendencia a curto prazo da mesma.

#### Produto interior bruto

*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario*

	2015	2016	2016				2017
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Variación interanual	2,1	3,1	2,9	3,0	3,3	3,2	3,1
Variación intertrimestral	--	--	0,7	0,8	0,9	0,8	0,6

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais




Fonte: IGE, INE, EUROSTAT



## Demanda

No primeiro trimestre de 2017, a achega da demanda interna en termos nacionais ao crecemento do PIB foi de 1,8 puntos porcentuais, 0,6 puntos superior á do trimestre anterior. O gasto en consumo final presenta un aumento do 1,7%, 0,5 puntos superior ao do trimestre precedente; o apartado da formación bruta de capital aumenta un 2,3%, taxa 0,7 puntos superior á do cuarto trimestre. O sector exterior achega 1,3 puntos ao crecemento do PIB, 0,7 puntos menos que no trimestre anterior.



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

## Demanda. Índices de volume. Referencia ano 2010=100

*Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)*

Operacións	2015	2016	2016				2017
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Gasto en consumo final	2,2	2,5	2,7	3,1	3,3	1,1	1,7
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	2,3	2,6	3,2	2,8	2,5	2,0	1,1
-Gasto en consumo final das AAPP	1,9	2,3	1,4	3,8	5,6	-1,4	3,4
Formación bruta de capital	5,8	2,2	3,6	1,9	2,0	1,5	2,3
Demanda interna (en termos nacionais) <sup>(1)</sup>	2,8	2,5	2,9	2,9	3,0	1,2	1,8
Exportacións de bens e servizos	4,2	5,5	4,5	5,2	5,0	7,4	4,2
Importacións de bens e servizos	5,5	4,4	4,4	4,9	4,6	3,7	1,7
<b>PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado</b>	<b>2,1</b>	<b>3,1</b>	<b>2,9</b>	<b>3,0</b>	<b>3,3</b>	<b>3,2</b>	<b>3,1</b>

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

<sup>(1)</sup> Achega ao crecemento do PIB pm.



O gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares aumenta un 1,1% no primeiro trimestre de 2017, nove décimas menos que no trimestre precedente. Os principais indicadores de consumo dos fogares móstranse en sintonía co agregado debido a que presentan unha taxa interanual inferior á do trimestre anterior. O indicador de renda salarial real calculada con: afiliación, incremento salarial pactado en convenio e o IPC como deflactor, así como o índice de vendas de comercio polo miúdo deflactado, amosan peor comportamento que no trimestre precedente. O indicador de confianza do consumidor e a matriculación de turismos melloran o rexistro do trimestre precedente.

No mesmo período, o gasto en consumo final das administracións públicas acada un incremento do 3,4%, mellorando en 4,8 puntos a taxa rexistrada no trimestre anterior.

A formación bruta de capital amosa un crecemento do 2,3%, 0,8 puntos superior ao do trimestre anterior. A produción industrial de bens de equipo, as importacións de bens de capital deflactadas co índice de valor unitario e a matriculación de vehículos de carga melloran o rexistro do trimestre precedente. A inversión en construción tamén mellora o seu comportamento neste trimestre.

A contribución do sector exterior ao crecemento do PIB é de 1,3 puntos. As exportacións aumentan un 4,2%, 3,2 puntos menos que no trimestre precedente. Tanto as exportacións galegas ao resto de España e ao estranxeiro como o gasto dos non residentes rexistran un crecemento inferior ao do trimestre anterior.

Pola súa parte, as importacións aumentaron un 1,7%, minorando en 2,0 puntos o crecemento do trimestre precedente.

### **Oferta**

Dende a perspectiva da oferta, no primeiro trimestre de 2017 as taxas de crecemento interanual dos grandes agregados son superiores ás do trimestre precedente na construción e nos servizos mentres que no sector primario e na industria son inferiores.

As ramas agraria, gandeira e pesqueira presentan un crecemento do 1,2%, 0,3 puntos inferior á taxa do cuarto trimestre de 2016, debido ao peor comportamento do sectores gandeiro e pesqueiro.



As ramas industriais rexistran un decrecemento do 2,1%, empeorando en 3,6 puntos o rexistro do trimestre precedente. Dentro destas, a industria manufactureira creceu un 1,1%, 0,9 puntos menos que no trimestre anterior.

A taxa de variación interanual do sector da construción foi do 3,9%, superior á do trimestre precedente en 0,8 puntos.

O sector dos servizos presenta un crecemento interanual do 4,3%, 0,7 puntos superior ao do trimestre precedente. Todas as ramas rexistran taxas positivas. O maior incremento acádase no Comercio, transporte e hostalería, cun crecemento do 8,2%, seguido das ramas de Información e comunicacións e Actividades profesionais. Con respecto ás taxas rexistradas no cuarto trimestre do ano 2016, todas as ramas acadan taxas máis elevadas agás as Actividades artísticas, recreativas e outros servizos que minoran o seu crecemento.

<b>Oferta. Índices de volume. Referencia ano 2010=100</b>							
<i>Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)</i>							
Operacións	2015	2016	2016				2017
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	1,4	0,9	-0,3	1,2	1,1	1,5	1,2
Industria	2,1	2,5	5,7	1,5	1,3	1,5	-2,1
- Industria manufactureira	4,6	3,5	6,5	2,2	3,4	1,9	1,1
Construción	3,7	3,1	3,3	3,1	2,9	3,0	3,9
Servizos	2,1	3,3	2,5	3,3	3,8	3,6	4,3
- Comercio, transporte e hostalería	4,0	6,9	5,6	6,6	7,9	7,5	8,2
- Información e comunicacións	2,3	4,2	4,5	4,4	5,0	3,1	5,4
- Actividades financeiras e de seguros	-1,1	1,7	0,0	2,5	2,4	1,8	3,4
- Actividades inmobiliarias	0,3	0,6	-0,2	1,1	0,9	0,8	1,8
- Actividades profesionais	5,5	3,5	2,3	4,1	4,0	3,7	4,9
- Administración pública, sanidade e educación	0,4	0,8	0,1	1,0	0,9	1,2	1,4
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	1,8	1,1	1,6	1,2	0,9	0,7	0,5
Impostos netos sobre os produtos	1,6	3,7	2,9	3,9	4,5	3,7	4,0
<b>PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado</b>	<b>2,1</b>	<b>3,1</b>	<b>2,9</b>	<b>3,0</b>	<b>3,3</b>	<b>3,2</b>	<b>3,1</b>

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais



## Emprego

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, creceu no primeiro trimestre do ano 2017 un 1,9%, o que supón un incremento de 19.067 postos de traballo equivalentes nun ano.

<b>Emprego por ramas de actividade</b>							
<b>Postos de traballo equivalentes a tempo completo</b>							
<i>Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)</i>							
	2015	2016	2016				2017
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	0,0	5,3	2,7	5,3	4,9	8,3	7,6
Industria	1,7	2,9	3,2	3,0	2,9	2,5	2,4
- Industria manufactureira	2,0	3,0	3,4	3,1	2,9	2,5	2,8
Construción	2,8	-1,4	-1,0	-2,2	-1,6	-0,9	0,8
Servizos	2,0	2,2	2,4	2,1	2,3	2,1	1,4
- Comercio, transporte e hostalería	2,0	2,3	2,4	2,3	2,4	1,9	1,0
- Información e comunicacións	2,4	0,7	0,6	0,4	0,7	0,9	2,1
- Actividades financeiras e de seguros	-1,3	-0,9	-1,0	-0,9	-0,9	-0,9	-2,9
- Actividades inmobiliarias	8,0	-5,7	-3,4	-6,1	-6,6	-6,8	-9,5
- Actividades profesionais	5,7	4,6	5,7	3,9	4,7	4,3	3,1
- Administración pública, sanidade e educación	0,8	1,7	1,5	1,3	1,8	2,3	0,9
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	1,4	2,2	2,7	2,8	2,3	1,1	3,4
<b>TOTAL POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO</b>	<b>1,9</b>	<b>2,3</b>	<b>2,3</b>	<b>2,1</b>	<b>2,3</b>	<b>2,4</b>	<b>1,9</b>

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

Atendendo ás ramas de actividade aprécianse rexistros positivos en todos os grandes agregados. Con respecto aos rexistros do trimestre precedente, soamente a construción mellora o seu comportamento.

As ramas agraria, gandeira e pesqueira incrementan os postos de traballo equivalentes un 7,6% co que empeoran en 0,7 puntos o rexistro do trimestre precedente.

O conxunto da industria incrementa os postos de traballo respecto do mesmo trimestre do ano 2016 nun 2,4%, minorando a taxa do trimestre anterior; as industrias manufactureiras rexistran un incremento do 2,8%, superior ao do trimestre precedente.



O postos de traballo equivalentes a tempo completo aumentan o 0,8% na construción, mellorando 1,7 puntos a taxa rexistrada no cuarto trimestre de 2016.

Por último, os servizos rexistran un crecemento do 1,4%, sete décimas menos que no trimestre anterior. Todas as ramas amosan taxas positivas agás as Actividades financeiras e de seguros e as Actividades inmobiliarias. Soamente Información e comunicacións e Actividades artísticas, recreativas e outros servizos melloran o rexistro do trimestre anterior.

Distinguindo por situación profesional, o emprego asalariado, en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, amosou neste trimestre unha taxa de variación interanual do 1,9%, minorando en tres décimas á taxa do trimestre anterior. Este dato supón un aumento de 15.642 postos de traballo asalariados a tempo completo nun ano.

Atendendo ás ramas de actividade apréciase un incremento interanual de postos de traballo asalariado en todos os grandes agregados. Con respecto aos rexistros do trimestre precedente, soamente a construción mellora o rexistro do cuarto trimestre de 2016.

O número de horas efectivamente traballadas aumenta no primeiro trimestre de 2017 o 1,9%, unha décima máis que no trimestre anterior. Para as persoas asalariadas, o número de horas aumenta o 1,8%, tres décimas máis co trimestre precedente.

O número de horas efectivas aumenta en todos os grandes agregados agás na construción(-0,7%); na agricultura e pesca o número de horas aumenta un 7,7%, na industria un 2,2% e nos servizos un 1,4%.

Considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase no 1,1%, tres décimas maior que no trimestre anterior. A variación interanual da produtividade aparente por hora efectiva sitúase no 1,1%, dúas décimas inferior á do cuarto trimestre de 2016.



#### 1.4. Escenario macroeconómico 2017 – 2020

O escenario macroeconómico para Galicia mostra unha expansión da actividade ao longo do horizonte da previsión, cun crecemento do PIB do 3,1% para o ano 2017, que se moderaría progresivamente ata o 2,4% no ano 2020.

#### Escenario macroeconómico Galicia. Variación anual en %

	2016	2017	2018	2019	2020
<b>Produto interior bruto (PIB)</b>	3,1	3,1	2,7	2,5	2,4
<b>Produto interior bruto nominal</b>	3,2	4,6	4,3	4,2	4,2
<b>Emprego. PTETC</b>	2,3	1,9	1,7	1,6	1,5
<b>Taxa de paro<sup>1</sup></b>	17,2	15,6	14,0	12,4	10,9

<sup>1</sup> % da poboación activa

Fonte: IGE

O escenario macroeconómico para os anos 2017 - 2018 mostra, desde a óptica da demanda, un crecemento equilibrado, baseado nun crecemento sostido da demanda interna e unha achega positiva da demanda externa. Desde a óptica da oferta prevese un menor crecemento do sector industrial no ano 2017 que se recuperará no ano seguinte, mentres que os servizos manterán o dinamismo dos últimos anos. O sector da construción continuará a súa recuperación.

Detállase a continuación, para os principais agregados da demanda, o cadro macroeconómico para os dous próximos anos.

1. O gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro manterase estable, cunha taxa de crecemento do 1,8% nos dous anos. A renda dos fogares en termos reais moderaría o seu crecemento debido á perda de factores que axudaron ao crecemento nos anos anteriores, como a rebaixa fiscal ou a caída dos



prezos. Unha menor intensidade na creación de emprego limitará o incremento do consumo privado.

2. O gasto en consumo final das administracións públicas moderará o seu crecemento nos próximos anos, cun incremento do 2,1% en 2017 e case medio punto no ano seguinte.

3. A formación bruta de capital seguirá experimentando un forte dinamismo. No ano 2017 crecerá un 3,2% e prevese unha taxa do 4,3% para o ano 2018. A inversión en bens de equipo manterá unha senda expansiva, favorecida polas condicións financeiras e as menores necesidades de desendebedamento das empresas. A inversión residencial continuará cunha lenta recuperación, favorecida polo crecemento do emprego e a dispoñibilidade de financiamento crediticia.

4. A demanda externa neta achegará un punto ao crecemento do PIB no ano 2017, catro décimas máis que o aportado por este agregado en 2016. Esta achega producirase como consecuencia dun aumento das exportacións do 5,4% e dun incremento das importacións do 3,7%. As exportacións manterán un elevado dinamismo favorecidas polo sólido crecemento previsto para a economía española e dalgúns países do noso entorno. Polo que respecta ás importacións, moderarán o seu crecemento no ano 2017. Para o ano 2018 prevese unha aceleración tanto das exportacións como das importacións, grazas a un mellor comportamento do sector industrial.

5. A taxa de paro situarase no ano 2017 no 15,6%, co que diminuírá en 1,6 puntos respecto á do ano 2016. Un bo comportamento da ocupación xunto cunha diminución da poboación activa levan a esta taxa. Para o ano seguinte a taxa de paro continuará a diminuír ata o 14,0% e continuará esta senda ata o 2020 cando se prevé sexa do 10,9%.

No cadro seguinte móstrase as previsións macroeconómicas de Galicia para o período 2017 -2018.



### Cadro macroeconómico Galicia. Variación anual en %

	2016	2017	2018
<b>Gasto en consumo final</b>	2,5	1,9	1,7
- Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	2,6	1,8	1,8
- Gasto en consumo final das AAPP	2,3	2,1	1,7
<b>Formación bruta de capital</b>	2,2	3,2	4,3
<b>Achega demanda interna<sup>1</sup></b>	2,5	2,1	2,1
<b>Exportación de bens e servicios</b>	5,5	5,4	5,7
<b>Importación de bens e servicios</b>	4,4	3,7	4,8
<b>Produto interior bruto (PIB)</b>	3,1	3,1	2,7
<b>Produto interior bruto nominal</b>	3,2	4,6	4,3
<b>Emprego. PTETC</b>	2,3	1,9	1,7
<b>Taxa de paro<sup>2</sup></b>	17,2	15,6	14,0

<sup>1</sup> Contribución en puntos porcentuais

<sup>2</sup> % da poboación activa

Fonte: IGE



### **1.5. Crecemento potencial e output gap**

Como indica a introdución do presente informe, resulta preciso coñecer a situación cíclica da nosa economía para determinar o sesgo que debe ter a política orzamentaria da comunidade autónoma.

Ademais, a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira establece como obxectivo orzamentario a mediano prazo o equilibrio. Por elo, compre dispor do cálculo do saldo estrutural para cada comunidade autónoma, así como para o resto dos subsectores das administracións públicas.

A obtención do saldo estrutural dunha administración pública consiste en medir o compoñente cíclico do dito saldo e calcular o compoñente estrutural como diferenza entre o observado e o cíclico. A Orde ECC/2741/2012, de 20 de decembro, sobre o cálculo das previsións tendenciais de ingresos e gastos e da taxa de referencia da economía española desenvolve a metodoloxía para o cálculo do PIB potencial e o compoñente cíclico dos ingresos e gastos públicos seguindo a metodoloxía da Comisión Europea. Esta metodoloxía foi revisada posteriormente pola Comisión Europea e as modificacións quedan recollidas na Orde ECC/493/2014 de 27 de marzo e na Orde ECC/1556/2016, de 28 de setembro.

O cálculo do compoñente cíclico realízase en dúas fases. En primeiro lugar, calcúlase a fenda de produción, expresada como diferenza entre o Produto Interior Bruto (PIB) real observado e o PIB potencial, expresado en porcentaxe do produto potencial. En segundo lugar, estímase unha relación (elasticidade) entre o saldo observado e a fenda cíclica.

O crecemento potencial e o output gap dunha economía son conceptos de gran utilidade para a análise económica e, en particular, para a toma de decisións de política económica. Constitúen a referencia básica para avaliar a posición cíclica da economía e efectuar o diagnóstico sobre a orientación das políticas económicas.

Defínese o produto potencial como o nivel de produción en termos reais que unha economía é capaz de xerar utilizando os factores dispoñibles e a tecnoloxía existente, sen xerar presións inflacionarias. O output gap ou fenda de produción defínese como o cociente entre o PIB observado ou previsto, en termos reais, e o nivel estimado para o PIB potencial menos un.

A metodoloxía empregada para o cálculo do PIB potencial e do output gap para a economía galega segue no fundamental o contemplado nas ordes ministeriais ECC/2471/2012 de 20 de decembro, ECC/493/2014 de 27 de marzo e ECC/1556/2016, de 28 de setembro, que seguen, a súa vez, a metodoloxía da función de produción da



Comisión Europea<sup>5</sup>. Esta metodoloxía esixe, por un lado, a estimación da produtividade total dos factores (PTF) e por outro a avaliación dos factores produtivos (emprego e capital) no seu nivel potencial.

No seguinte cadro recóllense para Galicia as taxas de crecemento previstas para o PIB real, o PIB potencial estimado e as achegas das súas principais compoñentes e o output gap.

<b>Evolución cíclica. Galicia</b>					
	<b>2016</b>	<b>2017</b>	<b>2018</b>	<b>2019</b>	<b>2020</b>
PIB real. TVA (%)	3,1	3,1	2,7	2,5	2,4
PIB potencial. TVA (%)	0,6	0,8	0,9	1,0	1,2
<b>Achegas ao crecemento do PIB potencial (*)</b>					
Produtividade total dos factores	0,8	0,8	0,8	0,8	0,8
Traballo	-0,4	-0,3	-0,3	-0,2	-0,1
Capital	0,3	0,3	0,3	0,4	0,5
Output gap (*)	-2,5	-0,7	0,9	2,1	3,3

(\*) Porcentaxe do PIB

NAWRU calculada con curva de Phillips híbrida

Fonte: IGE

O PIB potencial inicia en 2015 unha senda expansiva, cun crecemento gradual ata chegar ao 1,2% en 2020. Esta evolución débese a unha achega menos negativa do factor traballo e a un suave incremento da achega do capital, mentres que a contribución da produtividade total dos factores mantense estable no período da proxección.

Como resultado da evolución do PIB real e do potencial, o output gap de Galicia comeza a reducirse a partir de 2014 ata chegar a unha taxa positiva no 2018 (0,9%) e continuar en valores positivos nos anos seguintes.

<sup>5</sup> [http://ec.europa.eu/economy\\_finance/publications/economic\\_paper/2014/ecp535\\_en.htm](http://ec.europa.eu/economy_finance/publications/economic_paper/2014/ecp535_en.htm)



## 1.6. Saldo orzamentario axustado ciclicamente

Para obter o saldo cíclico da economía galega utilizamos a metodoloxía establecida polo Ministerio de Economía y Competitividad, que segue a da Comisión Europea (ver anexo).

Para elo, partimos do saldo público realizado no 2016 e do autorizado na Lei de orzamentos para 2017, a estimación prospectiva de saldo público está limitada polos máximos autorizados no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira no seu pleno do pasado de xuño. Esta metodoloxía baséase no uso das semi-elasticidades para o cálculo do saldo orzamentario cíclico, a partir do cal se obtén o saldo estrutural.

A partir das semi-elasticidades e o output gap é posible obter a descomposición do saldo orzamentario de Galicia en saldo cíclico e en saldo ciclicamente axustado.

O saldo cíclico calcúlase como o produto da semi-elasticidade e o output gap. O saldo ciclicamente axustado é diferenza entre o saldo público e o saldo cíclico anteriormente calculado.

Por último, podemos obter o saldo estrutural ao restar do saldo ciclicamente axustado a diferenza entre os ingresos e gastos non recorrentes (o que no argot se coñece como medidas one-off).

Saldo orzamentario cíclico. Galicia (% do PIB)					
	2016	2017	2018	2019	2020
Saldo público	-0,5	-0,5	-0,3	-0,1	0,1
Intereses	0,4	0,4	0,3	0,3	0,2
Medidas non recorrentes temporais	-0,1	-0,1	-0,1	-0,1	-0,1
Saldo primario	0,0	0,0	0,1	0,3	0,3
Output gap	-2,5	-0,7	0,9	2,1	3,3
Saldo cíclico	-0,4	-0,1	0,1	0,3	0,5
Saldo ciclicamente axustado	-0,1	-0,3	-0,4	-0,4	-0,4
Saldo primario ciclicamente axustado	0,4	0,1	0,0	0,0	-0,2
Saldo estrutural	0,1	-0,2	-0,3	-0,3	-0,3
Saldo estrutural primario	0,5	0,2	0,1	0,1	0,0

Fonte: IGE, Consellería de Facenda

Como pode apreciarse o output gap da economía galega vóltase positivo por vez primeira dende 2009, é dicir o PIB real supera ao potencial, ante este contexto



económico e, de confirmarse o mesmo, o sesgo da política fiscal debe tender a neutral, sen déficits estruturais.

Por outra banda, tal e como reflicte o cadro anterior, a mellora do compoñente cíclico do saldo fiscal reduce en gran medida os esforzos estruturais a realizar polas CCAA para acadar os obxectivos nominais recollidos na actualización do programa de estabilidade.

### **1.7. Taxa de referencia da economía galega**

A Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira establece que a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais no poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española.

Para obter a dita taxa, calcúlase cada ano a media dos crecementos reais potenciais de dito ano, os cinco anteriores e os catro posteriores, obténdose así a taxa de referencia real. Os crecementos dos deflactores para pasar da taxa de referencia real á nominal se corresponden cos valores menores entre o 2% e a taxa do deflactor prevista ou efectivamente realizada cada ano, segundo a Contabilidade Nacional.

A obtención do PIB potencial de Galicia permite obter a taxa de referencia da economía galega. A taxa de referencia en termos nominais é do 2,0% no 2017 e do 2,4% en 2018.

A taxa de referencia da economía española, vinculante para a economía galega, é do 2,4% en 2018, coincidindo coa taxa obtida para Galicia.

Taxa de referencia. Galicia		
	2017	2018
En termos reais	0,8	1,0
Deflactor	1,2	1,4
En termos nominais	2,0	2,4



## **2. ENVOLVENTE FINANCEIRA PLURIANUAL**

Partindo do marco económico fixado con anterioridade, podemos estimar a envolvente financeira plurianual dimanante das anteriores previsións económicas e das decisións sobre política fiscal.

Para elo, realizamos unha previsión da evolución das principais masas financeiras dos recursos da comunidade autónoma.

A capacidade máxima de gasto debe ser coherente cos obxectivos de regras fiscais acordadas no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira (en diante CPFF) para o período 2018-2020.

A este respecto cómpre sinalar que no pleno 97 do Consello de Política Fiscal e Financeira, acordouse a fixación dun novo obxectivo de estabilidade orzamentaria para o período 2018-2020 para todas as comunidades autónomas (que supón unha necesidade de financiamento máxima en porcentaxe do PIB do -0,4%, -0,1% e 0,0%), así como un reparto por igual entre todas elas.

O mesmo pleno do CPFF aprobou unha taxa de referencia de crecemento do PIB nominal a medio prazo do 2,4%, que marca a evolución máxima do gasto computable a efectos da regra de gasto.

Por tanto o CPFF, fixa unha nova senda de consolidación fiscal para o período 2018-2020, que remata no equilibrio estrutural, en liña cos obxectivos de estabilidade fixados pola normativa de estabilidade orzamentaria a partires de 2020, máis tamén coa situación cíclica da economía.

A partires dos datos da envolvente financeira plurianual podemos calcular o teito de gasto para 2018, o antedito límite está regulado no artigo 30 da Lei 2/2012, de 27 de abril, orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que sinala que as comunidades autónomas aprobarán nos seus respectivos eidos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito da asignación de recursos dos seus orzamentos.

Na medida en que as finanzas galegas están a rematar o proceso de consolidación fiscal, o efecto limitante da redución das necesidades de endebedamento redúcese sensiblemente ao achegarse ao endebedamento neto cero, adquirindo protagonismo a regra de gasto como factor determinante da evolución da capacidade de gasto.



Por tanto o teito de gasto haberá de ser calculado a partires dos recursos como ata o de agora, porén este cálculo debe complementarse co dimanante da evolución máxima do gasto a partires da taxa de referencia do PIB nominal a medio prazo.

## **2.1. Recursos de contabilidade nacional para o teito de gasto**

Os recursos dispoñibles en termos de contabilidade nacional que determinan o límite de gasto non financeiro ou teito de gasto dependen de tres factores.-

- i. a evolución dos ingresos non financeiros
- ii. o obxectivo de estabilidade orzamentaria (que suporá maiores recursos cando o obxectivo sexa de déficit ou menores recursos cando sexa de superávit)
- iii. os axustes de contabilidade nacional sobre a orzamentaria, ao determinarse o devandito obxectivo como a capacidade ou necesidade de financiamento en termos de contabilidade nacional, expresada coma unha porcentaxe do PIB nominal da comunidade autónoma.

### **i. Evolución dos ingresos non financeiros.**

A composición dos ingresos non financeiros ven determinada polos seguintes grandes agregados segundo a fonte do ingreso:

- Ingresos do sistema de financiamento (supoñen o 80% dos ingresos non financeiros totais).

O cálculo dos recursos do sistema de financiamento realízase pola comunidade autónoma en base á comunicación provisional dos recursos do sistema de financiamento do Ministerio de Hacienda e Función Pública, xa que está é a que debe lucir nos orzamentos xerais do estado e, por tanto, constitúe un ingreso certo para a comunidade autónoma. Tal e como indica a lei de estabilidade orzamentaria da comunidade autónoma o límite de gasto poderá revisarse en función das contías definitivas que aparezan nos anteditos orzamentos, tal e como aconteceu no presente exercicio.

No que atinxe á evolución prevista dos diferentes compoñentes destes ingresos, compre salientar o seguinte:



A consolidación da mellora das variables macroeconómicas vese reflectida nun aumento das entregas a conta do sistema de financiamento estimadas para 2018; en efecto, estas aumentan nun 4,6% respecto ás fixadas no orzamento para o presente exercicio, o que supón 304 millóns de euros adicionais.

A liquidación a incluír no 2018 (correspondente aos pagos do sistema de financiamento no 2016), experimenta un aumento de 75 millóns de euros sobre a recollida nos orzamentos para 2017, froito da boa evolución da recadación nese ano, pero tamén dunha mellor estimación dos pagos a conta de 2016.

Esta recuperación máis positiva do esperado débese á continuación do bo desempeño fiscal do exercicio 2016 que permitiu axustar os ingresos efectivos ás previsións orzamentarias da AXE.

A evolución da recadación tributaria da AXE no 2016, iguala á do 2015 por efecto da reforma fiscal, o que pon en valor o ensanchamento das bases da devandita reforma que permite absorber as baixas na cota estatal di imposto. En IVE o comportamento foi excelente cun crecemento da recadación do 4,2% sobre 2015 que á súa xa foi un bo ano. Os impostos especiais tamén amosan un comportamento excepcional aumentando un 3,8%, taxas non vistas dende o inicio da crise e moi superiores ao crecemento da economía xeral.

Á liquidación anual correspondente debe engadírselle o axuste derivado do adiamento da devolución das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009 (-85 millóns de euros logo do acordo tomado no pleno do Consello de Política Fiscal e Financeira celebrado o 31 de xullo de 2014 consistente en adiar 240 mensualidades adicionais a devolución das devanditas liquidacións). Por tanto o saldo total das liquidacións pasa a aportar ingresos ao sistema de financiamento no 2018, 442,5 millóns de euros, superando o bo dato de 2017 (367,6 millóns de euros).

- As transferencias finalistas doutras administracións, procedentes basicamente da Administración Xeral do Estado e dos Fondos Europeos, aumentan lixeiramente a súa participación en cinco décimas sobre os ingresos non financeiros, ata supor o 10,7% dos mesmos. Os ingresos finalistas da Administración Xeral do Estado mostran unha evolución plana reflexo do diferente ritmo de consolidación fiscal esixible á AXE, especialmente esixente no 2017 e 2018. En particular, fronte a un tímido



aumento destaca o fin do convenio para implantar a LOMCE que da como resultado un pequeno descenso, despois de mostrar unha continuada tendencia descendente nos últimos anos. O Fondo de Compensación Interterritorial, amosa máis atonía na súa evolución ao vencellarse a unha porcentaxe do gasto da obra nova que apareza nos orzamentos xerais do Estado. Neste caso estímase en liña coa variación da formación bruta de capital prevista na actualización do programa de estabilidade do Reino de España para 2017-2020, un aumento do 2,5% (algo máis dun millón de euros).

O novo marco estratéxico comunitario 2014-2020, implicou a elaboración de programas operativos rexionais para os fondos estruturais (FEDER, FSE, FEADER, FEMP e iniciativa xuvenil europea xestionada pola comunidade autónoma), aos que se engaden os fondos adicados á cooperación, en especial o POCTEP en plena fase de lanzamento de proxectos. As anualidades financeiras tidas en conta para o vindeiro exercicio son as propias dunha anualidade financeira media dos PO, unha vez impulsado o lanzamento da execución dos novos programas operativos. Orzaméntanse os últimos recursos da iniciativa de emprego xove, cuxo desenvolvemento debe rematar no 2018 e a partires de ahí pasar a cubrirse co FSE.

Compre salientar que, seguindo as recomendacións do Consello de Contas non se recolleran nos vindeiros orzamentos os fondos FEAGA nos que a Xunta de Galicia realiza unha mera función de intermediario de pagos, por elo e a efectos de homoxeneización se eliminan das magnitudes correspondentes a 2017.

A nova programación, muda a participación dos fondos europeos na cesta dos ingresos da comunidade autónoma, no presente límite de gasto estes baixan lixeiramente na medida en que nos anos iniciais do actual marco comunitario de apoio programáronse máis intensamente para lanzar as súas principais liñas de actuación, o seu peso no ingreso non financeiro en 2018 baixa ao 5,8%.

- Respecto dos recursos propios non financeiros da comunidade autónoma, tributos propios, prezos e ingresos patrimoniais (que baixan cinco décimas o seu peso no 2017 ata supor o 9,3% dos ingresos non financeiros orzamentarios). A súa evolución estable depende en gran medida da evolución dos tributos cedidos (Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, vinculada á evolución dos mercados inmobiliarios sobre todo o Imposto de Sucesións e Doazóns).



Continua a recuperación do mercado da vivenda, especialmente o que atinxe a vivenda usada, despois de estabilizarse dende finais de 2014, inicia unha fase de crecemento moderado pero continuo. O aumento da demanda de vivenda, facilitado por unha mellora das condicións crediticias e da renda dispoñible das familias, mudou a positiva a senda de evolución do prezo dos inmobles, o que está a favorecer melloras das valoracións dos activos inmobiliarios, ensanchando as bases impositivas tanto do ITP-AJD como do Imposto de sucesións e doazóns. Porén a evolución da recadación prevista no Imposto de Sucesións e Doazóns aínda reflicte os efectos da baixa fiscal de 2016.

No que atinxe ao Imposto sobre o Patrimonio compre salientar a consolidación da súa recadación como consecuencia dos efectos derivados da incorporación das novas bases de bens situados no estranxeiro.

A evolución estimada dos recursos non financeiros sería a seguinte (O anexo II mostra información sobre a revisión do teito de gasto no 2017, dimanante da aprobación da lei 3/2017 de modificación da lei de orzamentos da comunidade autónoma para 2017 que explica as contías que figuran na columna 2017\*):

millóns de euros	orzamento	límite de gasto	previsión		taxas de variación		
	2017*	2018	2019	2020	2018-2017	2019-2018	2020-2019
recursos sistema de financiamento	7.034	7.412	7779,2	8.149	5,4%	4,9%	4,8%
fondos finalistas doutras administracións	1.029	999	976,1	935	-2,9%	-2,3%	-4,2%
outros recursos non financeiros	858	866	883,4	901	0,9%	2,0%	2,0%
<b>TOTAL RECURSOS NON FINANCIEROS</b>	<b>8.921</b>	<b>9.277</b>	<b>9.639</b>	<b>9.985</b>	<b>4,0%</b>	<b>3,9%</b>	<b>3,6%</b>

Tal e como establece o artigo 12.2 da Lei 2/2011, do 16 de xuño de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, o límite de gasto pode axustarse na variación dos ingresos do sistema de financiamento e fondos finalistas que incorpore o proxecto de lei de orzamentos da administración xeral do Estado.



**ii. obxectivo de déficit**

Como ven de describir o informe de conxuntura, confirmando os escenarios económicos dos pasados exercicios a economía galega consolida una senda de crecemento constante que foi de menos a máis dende 2014 ata superar o ritmo da economía española e pechar a fenda de produción ata acadar un output gap positivo. Estímase que a recuperación económica e o crecemento continuarán a ritmo constante nos vindeiros exercicios na nosa comunidade autónoma. Este ritmo constante prevese lixeiramente menor que o acadado no 2017 e estará en liña co da media das CC.AA. Esta evolución permite unha mellora dos ingresos públicos que facilita o remate da senda de consolidación fiscal, que podemos considerara acadado a partires do vindeiro exercicio.

O cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria debe colaborar a afianzar unha senda de débeda sostible e a confianza gañada nos mercados financeiros que está a traducirse en condicións de endebedamento máis vantaxosas para todas as administracións e particulares, facilitando tamén o acceso ao financiamento dos investidores privados. Porén compre lembrar que aínda estamos lonxe do obxectivo de endebedamento fixado no pacto de estabilidade e crecemento a nivel de estado membro da UE (60% do PIB) e de comunidade autónoma marcado na lei orgánica de estabilidade orzamentaria (13% do PIB galego).

Compre seguir a desenvolver as liñas prioritarias do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, facendo especial fincapé no esforzo para aplicar de xeito efectivo o desenvolvemento con maior intensidade de políticas de innovación, emprendemento e, moi importante, fomento da competencia que posibiliten a xeración de nichos de emprego, eliminando rixideces nos mercados e nos prezos e favorecendo máis demanda de investimento e de emprego.

Este aumento da demanda agregada pola vía do investimento debe complementarse coa consolidación das ganancias en competitividade e internacionalización da nosa economía e co aumento do gasto público e privado dos nosos principais socios financeiros.

O 28 de abril de 2017, España presentou o seu Programa Nacional de Reformas de 2017 e o 29 de abril de 2017 o seu Programa de Estabilidade de 2017. España atópase actualmente no compoñente corrector do Pacto de Estabilidade e Crecemento. En o seu



Programa de Estabilidade de 2017, prevé corrixir o déficit excesivo como moi tarde no 2018, en consoancia coa advertencia do Consello do 8 de agosto de 2016.

Está previsto que o déficit global siga reducíndose ata situarse en o 0,5 % do PIB en 2020. As previsións de gasto que figuran no devandito Programa incorporan a materialización dos pasivos contingentes relativos as autoestradas e o sector financeiro, que ascenden a case o 0,4 % e o 0,2% do PIB en 2017 e 2018, respectivamente. Non se prevé alcanzar, dentro do horizonte temporal do Programa de Estabilidade, o obxectivo orzamentario a medio prazo dunha situación orzamentaria equilibrada en termos estruturais. Prevese que o saldo estrutural recalculado<sup>6</sup> sitúese no -1,9 % do PIB en 2020. O Programa de Estabilidade prevé que a ratio débeda pública/PIB descenda ata o 98,8 % en 2017, o 97,6 % en 2018 e o 92,5 % en 2020. As hipóteses macroeconómicas do Programa son verosímiles ata 2018 e pasan a ser lixeiramente favorables posteriormente. En conxunto, a consecución prevista dos obxectivos segue dependendo dunhas perspectivas económicas sólidas, non exentas, con todo, de riscos.

No contexto do Semestre Europeo, a Comisión efectuou unha análise global da política económica de España e publicouno no informe específico de 2017.

Así mesmo, avaliou o Programa de Estabilidade e o Programa Nacional de Reformas, e as medidas adoptadas en aplicación das recomendacións dirixidas a España en anos anteriores. Tivo en conta non só a súa pertinencia para a sustentabilidade da política socioeconómica e orzamentaria de España, senón tamén a súa conformidade coas normas e orientacións da UE, dada a necesidade de reforzar a gobernanza económica xeral da Unión incluíndo achegas ao nivel da UE nas futuras decisións nacionais.

Ao abeiro desta avaliación, o Consello Europeo examinou o Programa de Estabilidade, e o seu ditame<sup>7</sup> reflíctese, en particular, na recomendación 1 que figura de seguido.

Segundo o exame exhaustivo realizado pola Comisión e da presente avaliación, o Consello examinou o Programa Nacional de Reformas e o Programa de Estabilidade. As súas recomendacións, formuladas en virtude do artigo 6 do Regulamento (UE) n.º 1176/2011, reflíctense nas recomendacións 1 a 3 que figuran de seguido.

En función dos informes anteriores recomendouse a España que tome medidas no 2017 e 2018 co fin de:

---

<sup>6</sup> Saldo axustado en función do ciclo, unha vez excluídas as medidas puntuais e outras de carácter temporal, recalculado pola Comisión utilizando o método xeralmente acordado.

<sup>7</sup> Con arranxo ao artigo 5, apartado 2, do Regulamento (CE) n.º 1466/97 do Consello.



1. Velar polo cumprimento da Decisión do Consello, do 8 de agosto de 2016, pola que se formula unha advertencia no marco do procedemento de déficit excesivo, incluídas tamén as medidas destinadas a reforzar os marcos orzamentario e de contratación pública. Levar a cabo unha revisión global dos gastos a fin de identificar posibles eidos nos que sexa posible aumentar a eficiencia do gasto.
2. Reforzar a coordinación entre os servizos autonómicos de emprego, os servizos sociais e as empresas, a fin de respostar mellor ás necesidades dos solicitantes de emprego e os empresarios. Adoptar medidas destinadas a promover a contratación por tempo indefinido. Facer fronte as disparidades autonómicas e a fragmentación nos sistemas de renda mínima garantida e mellorar o apoio as familias, incluído o acceso a garderías de calidade. Aumentar a pertinencia do ensino superior para o mercado laboral. Corrixir as disparidades autonómicas nos resultados educativos, en particular, mediante o reforzo da formación dos profesores e o apoio individual aos estudantes.
3. Garantir un nivel adecuado e sostido de investimentos en investigación e innovación, e reforzar a súa gobernanza en todos os niveis da Administración. Velar pola implementación plena e oportuna da Lei de garantía da unidade de mercado en relación coa lexislación vixente e futura.

A Comisión estima verosímil o escenario macroeconómico no que se basean estas previsións orzamentarias no que atinxe a 2018 e algo optimista para despois; este escenario macro validouse pola Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (AIReF).

Consonte o establecido no antedito programa de estabilidade, o Consello de Política Fiscal e Financeira informou o pasado 29 de xuño favorablemente a proposta de obxectivos de estabilidade orzamentaria e de obxectivos de débeda pública do conxunto das Comunidades Autónomas correspondente ao período 2017-2019, formulada polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, que se corresponde co devandito plan de estabilidade presentado no marco do semestre europeo.

No devandito acordo fixéronse uns obxectivos de estabilidade orzamentaria para as comunidades autónomas dun déficit do 0,3% do PIB para 2018 e equilibrio para os dous anos seguintes do trienio. Posteriormente, froito da negociación política e de mellores datos de afiliación á seguridade social que adiantan un menor déficit da mesma, realízase unha nova proposta de



obxectivos no pleno 98 celebrado o 7 de xullo, consistente en aumentar unha décima de PIB as posibilidades de endebedamento neto no 2018 e 2019.

Tendo en conta o anterior, o CPFF propón que o Acordo de Consello de Ministros estableza os obxectivos de estabilidade orzamentaria do conxunto das comunidades autónomas nos seguintes termos: -0,4 no 2018, -0,1 no 2019 e 0,0 no 2020.

A devandita proposta foi elevada a Acordo de Consello de Ministros o mesmo día da súa aprobación no CPFF.

**Capacidad (+) o necesidade (-) de financiación de las AAPP  
(%PIB)**

	2018	2019	2020
Administración Central	-0,7	-0,3	0,0
Comunidades Autónomas	-0,4	-0,1	0,0
Corporaciónes Locales	0,0	0,0	0,0
Seguridade Social	-1,1	-0,9	-0,5
<b>Total AAPP</b>	<b>-2,2</b>	<b>-1,3</b>	<b>-0,5</b>



### **iii. axustes de contabilidade nacional**

Para a determinación da magnitude total do límite de gasto hai que ter en conta os posibles axustes que se haberán de aplicar sobre as dispoñibilidades financeiras determinadas ata o de agora, por diferir a súa consideración como gasto ou ingreso orzamentario e como emprego ou recurso en termos de contabilidade nacional, que é como se fixa o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

O sistema europeo de contas (en adiante SEC-2010) é un sistema de Contabilidade Nacional e *"constitúe un marco contable comparable a escala internacional, coa finalidade de realizar unha descrición sistemática e polo miúdo dunha economía no seu conxunto, das súas compoñentes e das súas relacións con outras economías"*.

O SEC-2010 non é daquela un sistema directamente aplicable ao orzamento das administracións públicas nin á contabilidade patrimonial de partida dobre. Pero si que deberá empregarse para poder definir a capacidade de financiamento e, por tanto deberemos atender aos seus criterios para calculala.

O obxectivo de estabilidade orzamentaria debe cumprirse tanto na fase de elaboración, como de aprobación e execución do orzamento. É por isto polo que o proceso e orzamentación debe planificarse non só en termos de contabilidade orzamentaria, senón tamén en termos de contabilidade nacional.

Isto significa que deben terse en conta por anticipado na elaboración dos orzamentos, os axustes positivos e negativos que se estima experimentarán os ingresos e os gastos pola aplicación de criterios SEC-2010, obtendo, como dicíamos, o límite de gasto non financeiro en termos de contabilidade nacional. Pretender o equilibrio en termos de estabilidade a partires da simple igualdade dos capítulos non financeiros do orzamento, sen ter en conta a priori os axustes que provocan, en ingresos e gastos, os criterios de contabilidade nacional conleva incertezas no resultado da liquidación neses mesmos termos.

Existen dous grandes grupos de criterios que caracterizan o SEC fronte ao orzamento administrativo:

Un primeiro grupo de criterios que explican a delimitación do sector público e nos axudan por tanto, a clasificar os entes nos que participa a Xunta de Galicia dentro do sector público autonómico, e polo tanto do perímetro de consolidación SEC, ou non.



Estes criterios aparecen descritos no apartado de ámbito subxectivo de cada lei de orzamentos da comunidade autónoma.

Un segundo grupo, son os criterios estritamente contables para calcular a capacidade ou necesidade de financiamento. Estes, a efectos prácticos, derivan nunha serie de axustes a realizar sobre a contabilidade orzamentaria ou administrativa co gallo de reflectir a capacidade ou necesidade de financiamento dun sector en termos de contabilidade nacional.

Os axustes tidos en conta para a elaboración do límite de gasto foron os seguintes:

1. A recadación incerta, que é a diferenza entre o importe dos dereitos recoñecidos netos nos capítulos I a III do orzamento de ingresos e o importe recadado en ditos capítulos, tanto en corrente como en exercicios anteriores. É de prever que consonte vaia mellorando a conxuntura económica o importe deste axuste se minore de xeito significativo.
2. As achegas de capital. Considéranse gasto non financeiro os importes das achegas de capital realizadas a entidades do sector público autonómico. A máis importante é a correspondente ao financiamento da CRTVG. Tamén considéranse gasto non financeiro as achegas a Fundacións do sector público autonómico.
3. Os axustes por execución de avais. Recolle o importe das contías avaladas pola comunidade autónoma, declaradas fallidas e que se pagan con cargo ao fondo de garantía de avais que se instrumenta orzamentariamente como un gasto financeiro (a través dunha aplicación do capítulo VIII).
4. As estradas por concesión. En contabilidade nacional as estradas por concesión son gasto no momento en que o concesionario realiza o investimento, polo que a medida que, unha vez terminada a estrada, a Xunta paga o correspondente canon, mediante o que se amortiza a estrada, realízase un axuste positivo ao ser un gasto xa computado na súa integridade no intre do investimento.
5. Como menor gasto recóllense o axuste debidos ao pago da anualidade das contías aprazadas das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009.

Debe de terse en conta que tan só se poden recoller neste momento os axustes que se poidan estimar a priori. Ademais, de cara á elaboración da envolvente financeira, desbótanse aqueles que teñen carácter puntual e pouco representativo.

De cara á determinación do teito de gasto e dada a escasa variación dos axustes, estimouse un axuste positivo de en torno a os 20 millóns de euros fronte a os 7 millóns



de euros recollidos nos orzamentos para 2017, polas minoracións do axuste de recadación incerta e intereses devengados basicamente.

## **2.2. límite de gasto non financeiro do orzamento consolidado.**

De acordo co artigo 12 da Lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade de Galicia, aprobado o obxectivo de estabilidade do artigo 4.1, o Consello da Xunta acordará o límite máximo de gasto non financeiro dos Orzamentos xerais da comunidade autónoma. Este acordo remitirase ao Parlamento de Galicia para a súa aprobación, xunto co presente informe.

O límite de gasto será coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto establecida nas normas de estabilidade orzamentaria. O límite aprobado poderá ser axustado na variación dos ingresos do sistema de financiamento e fondos finalistas que incorpore o proxecto de lei de orzamentos da Administración Xeral do Estado, así como na variación dos axustes de contabilidade nacional sempre que non afecte ao obxectivo de estabilidade que se propón acadar.

Por tanto, da agregación das compoñentes especificadas no punto anterior do informe podemos derivar a senda de dispoñibilidades financeiras a medio prazo da comunidade autónoma acorde co cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria aprobados.

Como pode verse a recuperación económica, eleva os ingresos tributarios, tanto os percibidos a través dos pagos a conta do sistema de financiamento como os propios, o que permite compensar o menor recurso a o endebedamento. Esta boa evolución dos recursos tributarios e do sistema de financiamento resulta acompañada por un financiamento finalista lixeiramente descendente ao longo do período.

Como se ten dito, os recursos non financeiros resultan compensados en parte pola previsión dunha menor necesidade de financiamento, ao pasar o obxectivo de estabilidade orzamentaria dunha necesidade de financiamento do -0,5% do PIB no orzamento para 2017 a outra do -0,3% no presente límite de gasto, dentro do proceso de consolidación suave que planificou a nosa comunidade autónoma.

Por tanto case un 3% máis de recursos totais que o pasado exercicio.

A senda a futuro seguirá aumentando a modo os ingresos non financeiros, en especial os recursos do sistema de financiamento, que de xeito presumible será obxecto de



revisión a partires do vindeiro exercicio. Os fondos europeos reflicten a evolución da senda financeira de programación cun pequeno descenso debido sobre todo ao fin dos fondos do programa operativo de emprego xuvenil a partires de 2018.

No que atinxe ao recurso ao endebedamento, como se ten dito a nova senda de consolidación fiscal aprobada no CPFF mostra unha evolución máis suave ata o obxectivo de equilibrio no 2020.

Por tanto o escenario futuro segue a prevér un crecemento medio e estable da capacidade de gasto a un ritmo medio do 2,7%.

A evolución prevista para este límite de gasto e coherente coa taxa de referencia nominal da economía, elaborada de acordo coa proposta metodolóxica da LOEPSF, recollida no informe de situación da economía española aportado polo Ministerio de Economía no consello de política fiscal e financeira de abril de 2016, que xa foi desenvolvida no punto 1.7 de este informe.

millóns de euros	orçamento	límite de gasto	previsión		taxas de variación		
	2017*	2018	2019	2020	2018-2017	2019-2018	2020-2019
recursos sistema de financiamento	7.034	7.412	7779,2	8.149	5,4%	4,9%	4,8%
fondos finalistas doutras administracións	1.029	999	976,1	935	-2,9%	-2,3%	-4,2%
outros recursos non financeiros	858	866	883,4	901	0,9%	2,0%	2,0%
<b>TOTAL RECURSOS NON FINANCIEROS</b>	<b>8.921</b>	<b>9.277</b>	<b>9.639</b>	<b>9.985</b>	<b>4,0%</b>	<b>3,9%</b>	<b>3,6%</b>
capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento	298	190	60	0	-36,3%	-68,4%	-100,0%
axustes de contabilidade nacional	7	20	21	19	185,7%	5,0%	-9,5%
<b>LÍMITE DE GASTO</b>	<b>9.226</b>	<b>9.487</b>	<b>9.720</b>	<b>10.004</b>	<b>2,8%</b>	<b>2,5%</b>	<b>2,9%</b>

\*modificado por lei 3/2017



## Anexo I. Metodoloxía para a obtención do saldo cíclico.

Para obter o saldo cíclico da economía galega utilizamos a metodoloxía establecida polo Ministerio de Economía y Competitividad, que segue a da Comisión Europea<sup>8</sup>, que no ano 2013 introducía un cambio na metodoloxía de cálculo dos saldos orzamentarios axustados do ciclo (en inglés *cyclically-adjusted budget balance (CAB)*).

A nova metodoloxía substitúe a sensibilidade respecto da brecha de produción (output gap (OG)) que se viña utilizando pola semi-elasticidade dos ingresos e gastos públicos tamén con respecto da brecha de produción.

O documento da Comisión Europea demostra que o uso da semi-elasticidade para o cálculo do saldo orzamentario axustado do ciclo aproxima mellor este concepto que o uso anterior da sensibilidade.

A diferenza entre o uso da semi-elasticidade e a sensibilidade é unha cantidade igual ao produto do saldo orzamentario real en porcentaxe do PIB e a brecha do produto:

$$CAB_{semi-elasticidade} - CAB_{sensibilidade} = OG \frac{B}{Y}$$

onde OG é o Output Gap, B é o saldo orzamentario e Y o produto interior bruto. As consecuencias deste cambio pódense resumir en que na maioría dos casos a diferenza entre o uso da sensibilidade e a semi-elasticidade é dun orde de magnitude moi pequena no cálculo do saldo orzamentario axustado do ciclo. Sen embargo, na recente crise económica, nalgún país con brecha de produción superior ao 4% e déficit superior ao 6%, esta diferenza acada valores que superan o 0,25%, un cuarto de punto porcentual, erro bastante considerable se pretendemos medir con precisión o saldo estrutural do orzamento.

Ademais desta diferenza, a utilización da semi-elasticidade fronte á sensibilidade ten outro efecto importante, que consiste no seguinte: a pesar de que o saldo orzamentario axustado do ciclo considerado como a diferenza entre os ingresos e os gastos axustados non mostra moita variación coa sensibilidade, en cambio, a compoñente dos ingresos (e a dos gastos) axustada do ciclo si cambia considerablemente. O compoñente dos ingresos axustado ciclicamente é practicamente nulo se se utilizan as semi-elasticidades e o de gastos rolda o 50%.

<sup>8</sup> Este cambio recóllese no documento

[http://ec.europa.eu/economy\\_finance/publications/economic\\_paper/2013/pdf/ecp478\\_en.pdf](http://ec.europa.eu/economy_finance/publications/economic_paper/2013/pdf/ecp478_en.pdf)



Os datos que aparecen no seguinte cadro (sacados do documento da Comisión) reflicten o expresado nos parágrafo anterior para España:

Compoñente cíclico en % do PIB											
Compoñente cíclico dos ingresos											
Sensibilidade				Semi-elasticidade				Diferenza			
2007	2010	2011	2012	2007	2010	2011	2012	2007	2010	2011	2012
0,8	-1,8	-1,6	-1,7	0,0	0,0	0,0	0,0	-0,8	1,8	1,6	1,8
Compoñente cíclico dos gastos											
Sensibilidade				Semi-elasticidade				Diferenza			
2007	2010	2011	2012	2007	2010	2011	2012	2007	2010	2011	2012
-0,1	0,2	0,2	0,2	-0,9	2,1	1,8	2,0	-0,8	1,9	1,6	1,8

O compoñente cíclico dos ingresos, que roldaba o -1,5% do PIB nos últimos anos se utilizamos a sensibilidade, pasa a ser 0 se utilizamos semi-elasticidade. Esta diferenza compénsase totalmente na parte dos gastos, onde o método que utiliza a semi-elasticidade estima unha compoñente moi superior ao método da sensibilidade. Volvemos remarcar que o resultado final no caso español é neutro (noutros países como Grecia o resultado final non o é).

No capítulo dous do documento da Comisión derivanse as fórmulas para o cálculo da semi-elasticidade; son as seguintes:

$$\text{Semi-elasticidade} = \varepsilon = \frac{\frac{d(B/Y)}{dY}}{\frac{Y}{Y}} = \frac{\frac{dB}{dY} Y - \frac{dY}{dY} B}{\frac{Y^2}{Y}} = \frac{dB}{dY} - \frac{B}{Y} \quad (1)$$

Onde B é o saldo orzamentario e Y o produto interior bruto

A partir desta formulación e utilizando un argumento similar descomponse esta semi-elasticidade nunha compoñente de ingresos e outra de gastos, do seguinte xeito:

$$\begin{aligned} \text{Semi-elasticidade} = \varepsilon &= \frac{\frac{d(R/Y)}{dY}}{\frac{Y}{Y}} - \frac{\frac{d(G/Y)}{dY}}{\frac{Y}{Y}} = \frac{\frac{dR}{dY} Y - \frac{dY}{dY} R}{\frac{Y^2}{Y}} - \frac{\frac{dG}{dY} Y - \frac{dY}{dY} G}{\frac{Y^2}{Y}} \\ &= \left( \frac{dR}{dY} - \frac{R}{Y} \right) - \left( \frac{dG}{dY} - \frac{G}{Y} \right) = \left( \frac{\frac{dR}{R}}{\frac{dY}{Y}} - 1 \right) \frac{R}{Y} - \left( \frac{\frac{dG}{G}}{\frac{dY}{Y}} - 1 \right) \frac{G}{Y} \\ &= (\eta_R - 1) \frac{R}{Y} - (\eta_G - 1) \frac{G}{Y} \quad (2) \end{aligned}$$



Onde  $R$  son os ingresos e  $G$  son os gastos e  $\eta_R$  é a elasticidade dos ingresos sobre o PIB e  $\eta_G$  é a elasticidade dos gastos sobre o PIB

Para calcular a semi-elasticidade a partir das elasticidades entre os distintos tipos de ingresos e de gastos e o PIB derivamos a seguinte fórmula. Se consideramos os ingresos (e os gastos) como suma das súas compoñentes:

$$R = \sum R_i$$

Podemos utilizar o procedemento das expresións (1) e (2) para derivar a achega de cada tipo de ingreso e de gasto ao parámetro  $\varepsilon$  (semi-elasticidade). Facémolo para o caso dos ingresos, no gasto o procedemento é semellante:

$$\begin{aligned} \text{Semi-elasticidade}_R = \varepsilon_R &= \frac{d(R/Y)}{\frac{dY}{Y}} = \frac{d\left(\sum R_i/Y\right)}{\frac{dY}{Y}} = \frac{\sum d\left(R_i/Y\right)}{\frac{dY}{Y}} \\ &= \sum \frac{d\left(R_i/Y\right)}{\frac{dY}{Y}} = \sum \frac{\frac{dR_i}{dY}Y - \frac{dY}{dY}R_i}{\frac{Y^2}{Y}} \\ &= \sum \left(\frac{dR_i}{dY} - \frac{R_i}{Y}\right) = \sum \left(\frac{\frac{dR_i}{R_i}}{\frac{dY}{Y}} - 1\right) \frac{R_i}{Y} = \sum (\eta_{R_i} - 1) \frac{R_i}{Y} \quad (3) \end{aligned}$$

Polo tanto, a expresión (2) tamén se pode expresar da seguinte forma:

$$\text{Semi-elasticidade} = \varepsilon = \sum (\eta_{R_i} - 1) \frac{R_i}{Y} - \sum (\eta_{G_i} - 1) \frac{G_i}{Y} \quad (4)$$

A Comisión distingue cinco tipos de elasticidades para os ingresos (IRPF, Imposto de Sociedades, impostos indirectos, cotizacións sociais e ingresos non impositivos) e un para os gastos (gastos por desemprego) e propón a seguinte expresión para o cálculo da semi-elasticidade:

$$\begin{aligned} \text{Semi-elasticidade} = \varepsilon &= (\eta_R - 1) \frac{R}{Y} - (\eta_G - 1) \frac{G}{Y} \\ &= \left(\sum_{i=1}^5 \eta_{R,i} \frac{R_i}{R} - 1\right) \frac{R}{Y} - \left(\eta_{G,G} \frac{G_G}{G} - 1\right) \frac{G}{Y} \quad (5) \end{aligned}$$

Esta formulación é equivalente á fórmula (4) sempre que nesta última se consideren todas as partidas de ingresos e de gastos para obter o verdadeiro valor da semi-



elasticidade. Isto implica que na expresión (5) se lle está a asignar (implicitamente) un valor cero á elasticidade das partidas que non entran no cálculo.

Para obter os coeficientes (sensibilidade e semi-elasticidade), polos que habería que multiplicar o output gap para calcular o saldo cíclico, utilizamos os datos de execución orzamentaria<sup>9</sup> de 2015 y 2016 (todos os capítulos excepto os capítulos 8 e 9, é dicir, ingresos e gastos non financeiros) e os datos do PIB por comunidades da Contabilidade regional de España<sup>10</sup> para eses anos. Ademais, tamén empregamos unha estrutura simplificada de ingresos e gastos, aplicando unha elasticidade única a cada unha das partidas. Esta elasticidade está tomada da Comisión Europea que adopta as estimacións da OCDE das elasticidades de ingresos e gastos públicos á brecha de produción. No seguinte cadro preséntanse estas elasticidades.

Elasticidades por partidas	
Conceptos	Elasticidade
<b>Ingresos</b>	
IRPF	1,84
Imposto de Sociedades	1,56
Impostos indirectos	1,00
Cotizacións sociais	0,72
Ingresos non impositivos	0,00
<b>Gastos</b>	
Resto de gastos primarios	0,00
<b>Transferencias correntes</b>	
Fondo de garantía	1,38
Fondo de suficiencia	1,42

Aplicando estas elasticidades ás partidas de ingresos, gastos e transferencias utilizando a fórmula (4) e a formulación da sensibilidade da anterior orde ministerial para comparar os resultados, obtemos as semi-elasticidades e as sensibilidades en %:

Semi-elasticidades para os ingresos e gastos

$$\text{Semi-elasticidade} = \varepsilon = \sum (\eta_{R_i} - 1) \frac{R_i}{Y} - \sum (\eta_{G_i} - 1) \frac{G_i}{Y}$$

<sup>9</sup> <https://serviciostelematicos.minhap.gob.es/cimcanet/consulta.aspx>.

O Ministerio de Economía, Industria y Competitividad modificou a metodoloxía na Orde ECC/1556/2016, de 28 de setembro, que aínda non se puido implantar neste documento

<sup>10</sup> <http://www.ine.es/jaxi/menu.do?type=pcaxis&path=%2Ft35%2Fp010&file=inebase&L=0>




Onde  $\epsilon$  es la semi-elasticidade calculada como a diferenza entre a semi-elasticidade dos ingresos e dos gastos.  $\eta_{R,i}$  y  $\eta_{G,i}$  son as elasticidades do nivel de ingresos e gastos da partida  $i$  expostas no cadro 14.

Sensibilidade para os ingresos e gastos (anterior cálculo)

$$\delta = \sum_i \left( \eta_{R,i} \frac{I_i}{PIB} \right) - \sum_i \left( \eta_{G,i} \frac{G_i}{PIB} \right)$$

Onde  $\delta$  é a sensibilidade,  $\eta_{R,i}$  y  $\eta_{G,i}$  as elasticidades do nivel de ingresos e gastos por partidas.

Os resultados finais para o valor de  $\epsilon$  (semi-elasticidade) e  $\delta$  (sensibilidade) por comunidades autónomas son os que se mostran nos seguinte gráfico. Neste cálculo excluíronse as comunidades do País Vasco e Navarra; o total das comunidades calcúlase utilizando os datos das 15 comunidades restantes.





O resultado do uso da semi-elasticidade aumenta o saldo cíclico de todas as comunidades comparado coa sensibilidade. Se utilizamos a sensibilidade cíclica, o parámetro toma un valor do 12,9% en media, se utilizamos la semi-elasticidade o valor é do 14,6%. En Galicia estes datos son o 15,8% e 16,6% respectivamente.

A semi-elasticidade dos gastos coincide coa porcentaxe que supón o gasto non financeiro de cada comunidade sobre o PIB. Isto é así porque segundo la fórmula (4),  $\eta_{Gi}$  é igual a cero para todas as partidas  $i$ , e, polo tanto, a semi-elasticidade cíclica asociada ao gasto é a suma das partidas dividida polo PIB, isto é, a porcentaxe que supón o gasto sobre o PIB.

Todos os cálculos están feitos coa información da execución orzamentaria en termos de caixa e sen axustar en termos de contabilidade nacional, estes axustes poderían alterar levemente o resultado, sobre todo se o axuste afecta ao gasto.



## **Anexo II. Determinación do límite de gasto non financeiro revisado á alza pola lei 3/2017.**

Tal e como indica a exposición de motivos da Lei 3/2017, esta supuxo unha revisión do límite de gasto non financeiro.

De seguido se recolle un cadro ilustrativo da evolución do límite de gasto que esta norma supuxo ao recoller as contías definitivas de fondos finalistas previstos e de pagos a conta do sistema de financiamento autonómico para 2017.

millóns de euros

	2017	2017*	var
recursos sistema de financiamento	6.815	7.034	219
fondos finalistas doutras administracións	1.019	1.029	10
outros recursos non financeiros	858	858	0
<b>TOTAL RECURSOS NON FINANCIEROS</b>	<b>8.692</b>	<b>8.921</b>	<b>228</b>
capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamet	298	298	0
axustes de contabilidade nacional	7	7	0
<b>LIMITE DE GASTO</b>	<b>8.997</b>	<b>9.226</b>	<b>228</b>

\*modificado por lei 3/2017